






Plan de actividades

ISSGA · 2021



XUNTA
DE GALICIA

Plan de actividades

ISSGA · 2021

ÍNDICE

Introdución	5
Natureza, obxectivos, vixencia e ámbito de actuación.....	6
Recursos humanos e económicos e avaliación do plan.....	7
Actuacións a realizar: eixes e fichas de actividade.....	8
EIXE 1 · Transversalidade	9
1.1. O ISSGA como órgano técnico transversal en SST e de asesoramento da normativa de SST.....	10
1.2. Estado da ciencia en PRL. Grupos de traballo técnicos en SST.....	11
1.3. Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL	14
1.4. Unidade de referencia COVID-19	15
1.5. Promoción da saúde, igualdade, calidade e medio ambiente	16
1.6. Laboratorio de referencia de hixiene analítica	17
EIXE 2 · Observatorio	19
2.1. Observatorio Galego de Condicións de Traballo	20
2.2. Tramitación dos partes de accidente de traballo e seguimento das declaracións de enfermidade profesional e das enfermidades relacionadas co traballo	21
2.3. Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre os accidentes de traballo	22
2.4. Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre as enfermidades profesionais e das enfermidades relacionadas co traballo	23
2.5. Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral	24

EIXE 3 · Investigación	25
3.1. Investigación de accidentes de traballo	26
3.2. Investigación de enfermidades profesionais e de enfermidades relacionadas co traballo	27
EIXE 4 · Asesoramento técnico e actuacións de coordinación e colaboración	28
4.1. Interlocutores sociais e consultas técnicas	29
4.2. Autoridade laboral	30
4.3. Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)	31
4.4. Actuación do persoal técnico habilitado	32
4.5. Autoridade sanitaria	33
4.6. Autoridade mineira	35
4.7. Autoridade xudicial e Fiscalía	36
4.8. Actuacións de prevención da transmisión do coronavirus	37
EIXE 5 · Promoción da prevención, mellora da xestión e redución da sinistralidade	38
Por campañas	
5.1. Campañas de promoción da prevención	40
5.2. Campañas transversais a causa da pandemia e campañas sectoriais por sinistralidade	43
Por sector de actividade	
5.3. Construción e afíns	45
5.4. Plan de grandes obras e obra civil	46
5.5. Sector forestal, actividade de silvicultura. Industria madeireira	48
5.6. Sector agrario e gandeiro	50
5.7. Pesca e afíns	51
5.8. Industria	53
5.9. Servizos	54
5.10. Transportes	55
5.11. Montaxe e desmontaxe de eventos e coordinación de actividades	56
5.12. Sectores e empresas de maior sinistralidade	57
5.13. Realización de propostas do grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral	58
Por risco	
5.14. Coordinación para a análise e propostas de actuacións para a retirada de amianto	59
5.15. Traballos con risco por amianto. Programa integral “Alerta_Pode haber amianto”	60
5.16. Traballos con risco de exposición a po de sílice	62
5.17. Traballos con nanomateriais	63
5.18. Radon no ámbito laboral	64
5.19. Riscos ergonómicos. Prevención dos TME	65
5.20. Riscos psicosociais	67
5.21. Seguridade viaria laboral	68
5.22. Promoción da saúde para evitar riscos e accidentes non traumáticos	69
5.23. Riscos emerxentes	70

Por colectivos	
5.24. Persoas traballadoras especialmente sensibles	71
5.25. Sectores e actividades económicas feminizadas ou con alta presenza de mulleres	72
5.26. Protección da maternidade no ámbito laboral	73
5.27. Persoal coidador de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar	74
5.28. Promoción da PRL nas traballadoras e traballadores autónomos	75
EIXE 6 · Formación e información técnica	77
6.1. Oferta formativa	79
6.2. Publicacións e alertas ISSGA	81
6.3. Escola Galega de Prevención	82
6.4. Aula de prevención de risco eléctrico	83
6.5. Sensibilización e aprendizaxe na formación profesional	84
6.6. Xeración de conciencia preventiva. Participación institucional	85
6.7. Colaboración con universidades. Rotación MIR e EIR e prácticas académicas externas dos mestrados de PRL	86
EIXE 7 · Mellora continua	87
7.1. Obrigas relacionadas co órgano superior colexiado de goberno do ISSGA. Transparencia	88
7.2. Xestión administrativa, económico-orzamentaria e de persoal	89
7.3. Formación interna	90
7.4. Instrucións internas e protocolos de actuación. Sistema integral das actuacións técnicas (Sesal) Identidade corporativa	91

INTRODUCCIÓN

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Emprego e Igualdade. De acordo co establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, e nos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, configúrase como un órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo (en adiante SST)

Consonte a dita normativa, o ISSGA desenvolve a súa actuación mediante un plan anual, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos seus fins e desenvolver as funcións que lle son propias, no marco da estratexia que nesta materia adoptan os poderes públicos de Galicia.

Froito do Diálogo Social en Galicia son as sucesivas estratexias galegas de SST, ata a actual para o período 2017-2020, que se prorroga un ano máis, acordada no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, que se adapta ás peculiaridades sociais, empresariais, demográficas, territoriais, etc. de Galicia. A esta deben unirse as sucesivas estratexias españolas, a vixente 2015-2020, na que Galicia participa tanto na súa elaboración como na súa execución, e no ámbito europeo, como o actual Marco estratéxico en materia de saúde e seguridade no traballo 2014-2020.

Así, é **obxecto** do plan anual o deseño e a priorización de accións e medidas que se dirixen á promoción, asesoramento técnico, formación, información e seguimento e control en materia de SST, na execución da vixente estratexia galega. Para o 2021 acordouse á prórroga da Estratexia galega de SST 2017-2020 para o que serviu como antecedente o consenso unánime acadado na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo respecto á prórroga da estratexia española.

Para a consecución dese obxectivo, este documento de planificación ten unha dobre finalidade:

- Por unha banda, servir de guiión para a execución das funcións e desenvolvemento das actividades técnicas.
- Pola outra, dar a coñecer coa máxima transparencia a todas as persoas e entidades interesadas a planificación das actividades e mesmo a busca de actores que se sumen a estas actuacións.

Neste plan distínguense iniciativas novas que teñen unha duración limitada no tempo, que pode ser anual ou, nalgúns casos plurianual; outras que supoñen a continuación de actividades iniciadas en anos anteriores, e outras que constitúen actuacións de carácter permanente do ISSGA de acordo coas funcións que ten encomendadas segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos, e a medio prazo no marco da EGSST 2017-2020.

Son **elementos** deste Plan:

- A definición dos obxectivos e resultados que se deben acadar.
- A asignación ás distintas unidades de desenvolvemento dos programas previstos.
- Os recursos persoais, materiais e orzamentarios para a súa execución.

Este plan deuse a coñecer na reunión do órgano colexiado superior de goberno do ISSGA que tivo lugar o día 16 de novembro de 2020, segundo consta na acta da devandita xuntanza. Ao abeiro do artigo 36 dos estatutos, **o Plan será aprobado, por proposta do Consello Reitor, por orde da consellería competente en materia de traballo, dentro do marco da súa estratexia plurianual (EGSST 2017-2020), contando co informe favorable da consellería competente en materia de facenda, consonte ao establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.**

NATUREZA, OBXECTIVOS, VIXENCIA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Natureza xurídica: o ISSGA é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, que se configura como un órgano técnico-científico en materia de prevención de riscos laborais e de SST, adscrito á consellería competente en materia de traballo, que é a Consellería de Emprego e Igualdade.

O **obxecto** do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de SST establezan os poderes públicos de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo. Todo isto de xeito coordinado coas autoridades laboral, sanitaria e mineira así como outras unidades directivas da Xunta de Galicia, e maila participación activa no deseño e execución dos interlocutores sociais de Galicia.

Ao abeiro do obxecto, das finalidades xerais e das funcións do ISSGA recollidas nos artigos 4, 5 e 6 dos seus estatutos, e tendo como instrumento de planificación o plan anual, os obxectivos para o 2021 son os seguintes:

- Promover a mellora das condicións de SST, con especial atención a sectores, actividades empresariais e colectivos que presentan maior risco e/ou sinistralidade e que precisen dunha actuación técnica prioritaria (relacionado co obxectivo 5 da EGSST 2017-2020)
- Impulsar e fortalecer a información, asesoramento técnico e a formación en prevención de riscos laborais (en adiante PRL) adaptada ás necesidades das persoas traballadoras e empresariado de Galicia (relacionado cos obxectivos 2 e 6 da Estratexia)
- Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre PRL, así como a súa vixilancia e control, mediante actuacións concretas por riscos determinados, por actividades e por colectivos (relacionado co obxectivo 3 da Estratexia)
- Potenciar a análise e a investigación en materia de PRL e sinistralidade laboral, tendo en conta o estado da ciencia en SST para incorporar os avances máis significativos e promover actuacións innovadoras e relevantes (relacionado co obxectivo 4 da Estratexia)
- Aumentar a sensibilización e concienciación do tecido empresarial galego na planificación e xestión preventiva e no cumprimento de instrucións e utilización de medios e a adopción de medidas nos centros de traballo, procurando dar resposta aos riscos emerxentes, sen descoidar os riscos e a sinistralidade de actividades tradicionais (relacionado cos obxectivos 2 e 6 da Estratexia)
- Promover o establecemento dunha cultura preventiva na sociedade galega como motor de cambio e concibindo a seguridade e a prevención cunha visión integral e transversal en todos os ámbitos da nosa vida individual e colectiva (relacionado co obxectivo 6 da Estratexia)
- Incrementar a eficacia e a eficiencia no funcionamento do Instituto para dar resposta ás demandas da poboación traballadora, sendo necesaria a formación interna, a participación activa en grupos da Comisión Nacional de SST, as TICs, etc. (relacionado co obxectivo 1 da Estratexia)

A **vixencia** deste plan, que constitúe o marco básico da actuación do Instituto, prolongarase durante todo o ano 2021. De ser o caso, prorrogándose de forma tácita ata a aprobación e entrada en vigor do seguinte plan.

O ámbito de actuación do Instituto abrangue a todas as empresas e á totalidade de traballadores e traballadoras respecto dos centros de traballo radicados en Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo, así como á sociedade galega en xeral. Así mesmo, actividades de promoción no emprego autónomo, e con especial atención ás pequenas e medianas empresas.

RECURSOS HUMANOS E ECONÓMICOS E AVALIACIÓN DO PLAN

Para o desenvolvemento deste plan de actividades o ISSGA conta cos seguintes **recursos humanos**:

CENTRO DE TRABAJO	Nº POSTOS RPT	Nº POSTOS OCUPADOS
Santiago de Compostela (sede central)	20	14
Centro territorial da Coruña	34	27
Centro territorial de Lugo	18	16
Centro territorial de Ourense	16	15
Centro territorial de Pontevedra	37	25
Total	125	97

Hai que destacar que a oferta de emprego público correspondente aos anos 2016 e 2017 inclúe 54 prazas de persoal técnico do ISSGA; en virtude disto, catro ordes da Consellería de Facenda do 28 de febreiro de 2019 convocan os procesos selectivos para o ingreso nas escalas superior e técnica de saúde laboral e nas escalas superior e técnica de seguridade e saúde no traballo.

O Instituto dispón de **12 prazas de técnicos/as habilitados/as**, segundo o regulado no Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.

Así mesmo, o persoal técnico do Instituto realiza **gardas de presenza localizada durante as 24 horas**, ao abeiro do Protocolo de coordinación asinado coa Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

Os recursos económicos do Instituto para o **ano 2021** son os consignados no estado de gastos da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para este ano.

Respecto **á avaliación do Plan**, elaboraranse informes parciais de resultado e un informe final da avaliación de cumprimento de actuacións, das que se dará conta ao Consello Reitor. Anualmente elabórase pola Xerencia, de conformidade co artigo 22.1.h dos Estatutos, o informe anual de actividades para a súa aprobación polo Consello Reitor e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para o exercicio do control parlamentario.


ACTUACIÓNS A REALIZAR: EIXES E FICHAS DE ACTIVIDADE

Os eixes que figuran neste plan son os ámbitos de actuación que permiten agrupar unha serie homoxénea de actividades que se desenvolven polo Instituto. As fichas de actividade son a identificación práctica da execución das funcións do ISSGA, onde se explica a descrición da actividade, as actuacións que a compoñen, o órgano ou órganos responsables da súa execución, a área técnica do Instituto na que se integra, e a relación da actividade coas medidas da estratexia galega neste ámbito.

Así, as principais actuacións a desenvolver polo ISSGA durante o ano 2021 intégranse nos 7 seguintes eixes, cun total de 60 fichas de actividade:

EIXE	Nº FICHAS ACTIVIDADE
1. Transversalidade	6
2. Observatorio	5
3. Investigación	2
4. Asesoramento técnico e actuacións de coordinación e colaboración	8
5. Promoción da prevención, mellora da xestión e redución da sinistralidade	28
6. Formación e información técnica	7
7. Mellora continua	4
Total	60

EIXE 1



TRANSVERSALIDADE

O ISSGA configúrase como o órgano técnico-científico encargado de executar e coordinar as políticas públicas en SST, traballando neste eido de xeito transversal; asemade, o ISSGA participa en numerosos programas autonómicos doutras unidades directivas da Xunta de Galicia, aportando as súas achegas no eido da seguridade e saúde laboral e materias concordantes.

Intégranse neste eixe 6 fichas de actividade:

1.1. O ISSGA como órgano técnico transversal en SST e de asesoramento da normativa de SST.....	10
1.2. Estado da ciencia en PRL. Grupos de traballo en SST	11
1.3. Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL	14
1.4. Unidade de referencia COVID-19	15
1.5. Promoción da saúde, igualdade, calidade e medio ambiente	16
1.6. Laboratorio de referencia de hixiene analítica	17

1.1. O ISSGA COMO ÓRGANO TÉCNICO TRANSVERSAL EN SST E DE ASESORAMENTO DA NORMATIVA DE SST

DESCRIPCIÓN

Como órgano técnico-científico executa e coordina as políticas de SST da Xunta de Galicia, aprobadas no marco do diálogo social. Así, o ISSGA desenvolve a maior parte das medidas das sucesivas estratexias galegas de SST e participa en plans e programas doutras consellerías.

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na lei de creación e nos seus estatutos, é a de asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de SST.

ACTUACIÓNS

Órgano técnico transversal da Xunta de Galicia en materia de SST:

- A.** Participación no desenvolvemento e execución da EGSST 2017-2020 e actuando como órgano de coordinación como órgano transversal.
- B.** Elaborar e executar o plan de actuación do ISSGA para o ano 2021.
- C.** Elaborar o informe final de actividades do ISSGA do ano 2020.

Asesoramento técnico para a elaboración e a reforma da normativa en materia de SST:

- A.** Emitir os informes que se soliciten ao ISSGA nos procedementos de elaboración ou reforma da normativa en materia de SST, así como dar resposta a posibles alegacións e suxestións en propostas de normativa que se trasladen ao ISSGA para tal fin, función propia do ISSGA segundo o indicado no artigo 4 e) da lei 14/2007.
- B.** Participar nos grupos de traballo existentes no seo da CNSST, así como nos restantes grupos de traballo, coas funcións que teñan atribuídas relacionadas coa proposta de elaboración ou de reforma da normativa de PRL, segundo o previsto na normativa de aplicación.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a), e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 a); e obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.1 d); e obxectivo 3, liña 3.1, medida 3.1 a)

1.2. ESTADO DA CIENCIA EN PRL. GRUPOS DE TRABAJO TÉCNICOS EN SST

DESCRIPCIÓN

Consiste en recoller o estado da ciencia en PRL, é dicir, a actualidade e os avances máis significativos tanto no ámbito da normativa, da técnica, dos produtos, etc., diferenciando polas distintas disciplinas preventivas sen prexuízo da visión integral da SST.

Trátase de ter un observatorio para identificar e comparar estudos e actuacións innovadoras e relevantes no eido da SST, realizadas por outros institutos, universidades, entidades dedicadas á PRL e actividades afíns, organizacións sindicais e empresariais, etc.

O obxectivo é participar activamente en grupos de traballo, a distintos niveis, que pretenden dar respostas técnicas a problemáticas de riscos concretas, promover novas dinámicas e propiciar as necesarias reformas técnicas e/ou normativas e, en xeral, xerar, transmitir e compartir coñecemento técnico nos distintos aspectos da PRL e a promoción da saúde no traballo.

ACTUACIÓNS

A. Estado da ciencia:

- Identificar estudos e actuacións innovadoras e relevantes no eido da SST.
- Priorizar as posibilidades, tanto a nivel de recursos humanos e técnicos, de traballar nas temáticas identificadas.
- Poñer en relación as cuestións identificadas coa actividade do ISSGA e co noso marco estratéxico.
- Participar aportando experiencia técnica en foros con capacidade de impulso normativo e/ou técnico.

B. Grupos de traballo técnicos en SST:

Formar parte, mediante a designación de persoal técnico do ISSGA, dos seguintes grupos de traballo que se estruturan a nivel galego, interautonómico e estatal:

- Propios do ISSGA
- · Planificación anual e seguimento periódico da actividade do ISSGA
- · Planificación e seguimento da oferta formativa do ISSGA
- · Seguimento do sistema informático de xestión integral das actuacións técnicas do ISSGA (Sesal)
- · Investigación de accidentes de traballo
- · Investigación de enfermidades profesionais e de sospeitas de EEPP
- · Grupo de traballo de persoal técnico habilitado
- · Coordinación entre hixiene industrial e medicina do traballo
- · Sector forestal
- · PRL na seguridade privada no ámbito sanitario
- · Nanomateriais
- CGSSL
- · Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral creado o 10 de novembro de 2020
- · Amianto

1.2.

- Silicose
- Elaboración de informes de execución polo ISSGA da EGSST 2017-2020
- Autonómicos
 - Enfermidades profesionais, sospeita de enfermidades profesionais e estudos epidemiolóxicos, coa autoridade sanitaria. Xestión das historias clínicas por peche da empresa
- Entre órganos técnicos en SST en distintas CCAA
 - Continuar coa colaboración no sector pesqueiro cos institutos de Asturias (IAPRL), Cantabria (ICASST) e País Vasco (Osalan)
 - Ampliar esta actuación conxunta a outros sectores que pola súa singularidade ou sinistralidade requirán un estudo máis detallado e novas ferramentas preventivas, como pode ser o sector forestal.
 - Proxecto co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e IAPRL, ICASST e Osalan, sobre riscos psicosociais.
 - Estudo e a elaboración dun manual sobre a coordinación de actividades nas obras de construción e dun manual sobre o recurso preventivo, con IAPRL, ICASST e Osalan.
- Estatais
 - 1.- INSST
 - Rede Española de SST
 - Información sobre accidentes laborais mortais
 - Base de situacións de traballo-caracterización de situacións de exposición a axentes químicos
 - Sistema de asesoramento público PREVENCIÓN10.es
 - Desenvolvemento dunha ferramenta informática de xestión RERA e outros datos relacionados co amianto
 - Rede Española de Empresas Saudables
 - Límites de exposición profesional
 - Análise da mortalidade por accidente de traballo en España
 - Axentes canceríxenos
 - Preguntas frecuentes en construción
 - 2.- CNSST
 - Estratexia española de seguridade e saúde no traballo, amianto, traballadores autónomos, construción, valores límite, sector agrario, seguridade viaria laboral, educación e formación, sector marítimo pesqueiro, e prevención, extinción de incendios e salvamento
 - 3.- Ministerio de Traballo e Economía Social - CCAA
 - Grupos do Comité Técnico Mixto Ministerio – CCAA
 - Proxecto piloto Guía ITSS Investigación EEPP
 - 4.- UNE
 - Grupo de amianto do comité técnico de normalización AEN/CTN 171, calidade ambiental en interiores
 - CTN 81 de Seguridade e saúde no traballo

1.2.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, e técnicos representantes en cada grupo.

Participación doutras entidades públicas, interlocutores sociais e empresas.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 a); e obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.1 d); e obxectivo 3, liña 3.1, medida 3.1 a); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 a); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 c); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 e); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 i); e obxectivo 3, liña 3.4, medida 3.4 f)

1.3. COMISIÓN PARA A INTEGRACIÓN DA IGUALDADE NAS POLÍTICAS DE PRL

DESCRICIÓN

A lei de creación e os estatutos do ISSGA crean e definen como órgano propio a Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de PRL e materias concordantes.

Preténdese a procura da conciliación da vida familiar e laboral, así como a superación das obrigas normativas de seguridade e saúde laboral a prol de acadar empresas saudables, tendo en conta a perspectiva de xénero en todas as vertentes do traballo.

ACTUACIÓNS

- A.** Asesoramento e orientación nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de PRL, como poden ser as actuacións en sectores laborais feminizados.
- B.** Elaboración, en colaboración con Osalan, dun documento técnico sobre pautas para a integración da perspectiva de xénero na PRL, e elaboración dun documento para a súa difusión sobre a integración da perspectiva de xénero no sistema de xestión das empresas.
- C.** Inclusión da perspectiva de xénero en todos os estudos que se elaboren polo ISSGA.
- D.** Dar continuidade á execución das actuacións dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral, nos aspectos relacionados coa PRL, co desenvolvemento dun programa específico sobre a comprobación das avaliacións e risco das obrigas dos artigos 25 e 26 da LPRL. En concreto, promover en todas as actuacións, incluídas as das mutuas, a aplicación das Directrices para a avaliación dos riscos e protección da maternidade no traballo do INSST.
- E.** Dar conta do traballo do ISSGA a prol da mellora da xestión preventiva na axuda a domicilio e das persoas adicadas á atención á dependencia relativas a riscos ergonómicos, psicosociais e biolóxicos, coa inclusión da prevención da transmisión do coronavirus.
- F.** Análise do liderado, posta en valor do liderado feminino.
- G.** Análise do uso da linguaxe inclusiva na PRL.
- H.** Canle de comunicación prioritaria co ISSGA cando nos gabinetes técnicos de PRL das organizacións sindicais e empresarial se detecte un risco importante para a traballadora embarazada ou o feto, como consecuencia dunha falta de protección da maternidade no ámbito laboral, no que respecta ás funcións e competencias do Instituto.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Presidencia, vicepresidencia e vogalías da comisión.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 g); obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 c); e obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 e)

1.4. UNIDADE DE REFERENCIA COVID-19

DESCRIPCIÓN

A disposición adicional 2ª do Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do ISSGA, contempla a posibilidade de que o ISSGA cree unidades de referencia, de considerarse necesario, nas distintas disciplinas preventivas, co obxecto de optimizar os recursos existentes e debido ás demandas da seguridade e saúde laboral.

En virtude desa disposición, no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, modifícanse os estatutos do ISSGA para crear a Unidade de referencia COVID-19.

Trátase dunha unidade interna do ISSGA, pero que terá moi en conta a coordinación coa autoridade sanitaria e servirá de referencia aos distintos actores de prevención no ámbito laboral. Dará tamén apoio ás cuestións preventivas que se formulen por distintas unidades directivas da Xunta de Galicia.

Os beneficiarios desta unidade, ademais dos interlocutores sociais, serán servizos de prevención, asociacións profesionais, empresas, emprego autónomo e administracións públicas.

ACTUACIÓNS

Sen ser unha relación exhaustiva, as máis importantes son:

- A.** Facilitar, apoiar e elaborar ferramentas no cumprimento das medidas nos centros de traballo.
- B.** Realizar informes respecto á idoneidade de medios de protección.
- C.** Estar preparados para prestar asistencia técnica, que require un alto nivel de especialización en materia de prevención de riscos e especialmente nas disciplinas preventivas de hixiene industrial e de medicina do traballo e enfermería do traballo, sen perder a visión integral e a importancia dos factores ergonómicos e psicosociais, que teñen unha importante incidencia no traballo, e a propia seguridade en canto a reducir ao mínimo a sinistralidade laboral.
- D.** Ser a canle para os interlocutores sociais en situacións que se poidan dar no centro de traballo ou na contorna laboral, sen prexuízo da debida coordinación coa autoridade sanitaria.
- E.** Constituírse en unidade de referencia para mellorar a calidade da resposta que os servizos de prevención dan ás empresas mediante campañas de asesoramento e información.
- F.** Traballar no estudo e en propostas para a mellor coordinación e consideración da saúde laboral na saúde pública.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia e unidade de referencia

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlense principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a), obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 e); e obxectivo 5, liña 5.2, medida 5.2 e)

1.5. PROMOCIÓN DA SAÚDE, IGUALDADE, CALIDADE E MEDIO AMBIENTE

DESCRIPCIÓN

O ISSGA participa en numerosos programas autonómicos dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, achegando as súas consideracións e incorporando as actuacións.

ACTUACIÓNS

Listado non exhaustivo de participación en programas autonómicos:

- A. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020
- B. Axenda 20 para o Emprego
- C. Programa Emprega en Feminino
- D. Estratexia Autónomo 2020
- E. Plan Estratéxico de RSE de Galicia 2020
- F. Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0
- G. Plan de Compra Pública Innovadora da Xunta de Galicia
- H. VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2017-2020
- I. Plan Galego de Conciliación e Co-responsabilidade 2018-2021
- J. Plan Galego de Política Familiar
- K. Estratexia Galega de Discapacidade 2015-2020
- L. Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020
- M. Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia (CAMGAL)
- N. Plan Forestal de Galicia
- O. Plans de Emerxencia Exterior (PEE) por risco químico nas empresas galegas
- P. Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia
- Q. Outros programas que se creen e nos que se solicite a colaboración do ISSGA.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a)

1.6. LABORATORIO DE REFERENCIA DE HIXIENE ANALÍTICA

DESCRIPCIÓN

O ISSGA pon a disposición das persoas interesadas o servizo consistente na realización de determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos. Este servizo lévese a cabo a través do Laboratorio de referencia de hixiene analítica, no centro do ISSGA de Pontevedra, en Redondela. Así mesmo destaca o labor investigador e de xeración de coñecemento.

Pola Orde do 24 de febreiro de 2012 (DOG nº 51, do 13 de marzo) se establecen os prezos privados esixibles polos servizos prestados no laboratorio.

No laboratorio realízanse as seguintes determinacións analíticas:

A. Análises de mostras ambientais

Tipo de análise	Técnica analítica
Determinación de vapores orgánicos	Cromatografía de gases con detector FID ou masas
Determinación de metais	Espectrofotometría de absorción atómica / Llama
Determinación de materia particulada	Gravimetría
Reconto multifebra	Microscopía de contraste de fases
Determinación de formaldehído	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)

B. Análises de mostras biolóxicas

Analito	Técnica analítica
Chumbo en sangue	Espectrofotometría de absorción atómica / Cámara de grafito
Cadmio en sangue	Espectrofotometría de absorción atómica / Cámara de grafito
Cromo en ouriños	Espectrofotometría de absorción atómica / Cámara de grafito
Mercurio en ouriños	Espectrofotometría de absorción atómica / Xerador de hidruros
Ácido hipúrico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)
Ácido metil hipúrico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)
Ácido mandélico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)
Ácido fenilgloxílico en ouriños	Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC)

Pódese acceder á información relativa ao Laboratorio de referencia de hixiene analítica a través do seguinte enlace:
http://issga.xunta.gal/portal/contido/actividade/actividade_0023.html

1.6.

ACTUACIÓN


- A. Realización das determinacións analíticas demandadas por entidades ou as precisas no desenvolvemento das actividades de investigación e control propias do Instituto.
- B. Continuar co plan de promoción do laboratorio para dalo a coñecer nas entidades e empresas galegas, co fin de que coñezan a súa existencia e os servizos que presta.
- C. Posta a punto de procedementos de ensaio para ampliar a oferta analítica do Laboratorio de Referencia de Hixiene Analítica.
- D. Estudo para a posible modificación normativa para facilitar un maior acceso de clientes do laboratorio.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e laboratorio de hixiene analítica.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 d); e obxectivo 1, liña 1.4, medida 1.4 b)



EIXE 2

OBSERVATORIO

O Observatorio Galego de Condicións de Traballo configúrase como un espazo de xestión da información e análise das condicións de traballo en Galicia e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral na poboación traballadora. Nel recóllense e analízanse os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, de xeito que apoie a toma de decisións en materia de PRL e condicións de traballo, tanto no eido técnico-científico como no social, para orientar as políticas públicas nesta materia e o seu consenso cos interlocutores sociais.

Un dos seus obxectivos é obter, procesar e difundir datos e información, razón pola que este eixe interactúa practicamente con todas as demais actuacións do ISSGA, se ben, ten unha actividade propia consistente en tratar e publicar os datos estatísticos, así como servir de espazo para dar a coñecer todos os estudos e informes que elabora e publica o ISSGA.

Intégranse neste eixe 5 fichas de actividade:

2.1. Observatorio Galego de Condicións de Traballo de SST	20
2.2. Tramitación dos partes de accidente de traballo e seguimento das declaracións de enfermidade profesional e das enfermidades relacionadas co traballo	21
2.3. Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre os accidentes de traballo	22
2.4. Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre as enfermidades profesionais e das enfermidades relacionadas co traballo	23
2.5. Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral	24

2.1. OBSERVATORIO GALEGO DE CONDICIÓN DE TRABAJO DE SST

DESCRIPCIÓN

O Observatorio é un espazo, preferentemente vía web, para transmitir o coñecemento e actividades do ISSGA sobre a análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora, co obxecto de:

- A. Procesar e difundir esa información, con propostas de mellora respecto á PRL e condicións de traballo.
- B. Elaboración de documentación estatística derivada do tratamento dos datos que atinxen á sinistralidade laboral, entendendo tanto accidentes de traballo como enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo.
- C. Elaboración de informes, documentos técnicos e estudos das distintas disciplinas preventivas en PRL, que a súa vez son o resultado do traballo do persoal técnico do ISSGA a través de programas executados polo propio Instituto. Isto tendo en conta os sucesivos mandatos tanto das estratexias galegas en materia de SST, como dos plans anuais de actividades do ISSGA.
- D. Realización de campañas, alertas e difusión de documentación técnica para a promoción da PRL e o mellor cumprimento da normativa.

ACTUACIÓNS

- A. Elaboración e publicación periódica de datos de sinistralidade laboral derivados de accidentes de traballo, enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo.
- B. Elaboración de estatísticas de sinistralidade laboral para a execución de programas específicos.
- C. Elaboración e publicación de estudos nas distintas disciplinas preventivas sobre as condicións de traballo en Galicia, tanto xerais como sectoriais, por riscos específicos ou por colectivos concretos.
- D. Elaboración do informe “Estatísticas de accidentes de traballo graves e mortais en Galicia”.
- E. Impacto COVID-19 na sinistralidade e na xestión dos partes.
- F. Realización de campañas dirixidas a mellorar a xestión da PRL nas empresas en Galicia.
- G. Publicación de estudos de sinistralidade laboral en: hoteis e aloxamentos similares, aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estancia, e en servizos de comidas e bebidas.
- H. Publicación dun estudo sobre a xordeira profesional elaborado pola área de medicina do traballo.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 e); obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 g); obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 a); obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 b); obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

2.2. TRAMITACIÓN DOS PARTES DE ACCIDENTE DE TRABAJO E SEGUIMIENTO DAS DECLARACIÓNS DE ENFERMIDADE PROFESIONAL E DAS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABAJO

DESCRIPCIÓN

O ISSGA tramita os partes de accidentes de traballo recibidos en Galicia (notificados a través do sistema Delt@), e realiza o seguimento dos partes de enfermidades profesionais e das enfermidades relacionadas co traballo (comunicadas a través do sistema CEPROSS e PANOTRATSS respectivamente)

ACTUACIÓNS

- A.** Tramitación telemática dos partes de accidente de traballo recibidos a través da aplicación electrónica Delt@. As distintas fases da tramitación son: recepción do parte, comprobación da súa idoneidade, devolución do parte para a súa emenda, de ser o caso, e unha vez estea correcto, a súa validación.
- B.** Seguimento e análise das enfermidades profesionais comunicadas polo ministerio competente en materia de traballo a través do sistema Cepross. A comunicación límitase á información sobre a declaración de enfermidades profesionais en Galicia.
- C.** Análise das enfermidades relacionadas co traballo a través do sistema Panotrass, das que se está a implantar de forma progresiva o seu seguimento.
- D.** Dar continuidade á campaña para a mellora da calidade da información dos partes de accidente de traballo por parte de todos os axentes implicados: empresas, xestorías, asesorías, mutuas e administración.
- E.** Insistir na mellora da tramitación Delt@ con actividades informativas e campañas de asesoramento técnico ás xestorías, por evidenciarse que son elas as que realizan o traballo do empresario de xestión de partes de AT.
- F.** Dar continuidade ás intervencións coas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social para acadar a mellora da calidade da información dos partes de accidentes de traballo, tendo en conta a perspectiva do accidente de traballo como risco laboral que se prevén, e polo tanto a necesidade de que o parte conteña datos reais que permitan realizar un seguimento e control das actividades preventivas desenvolvidas polas empresas, analizando as causas e factores determinantes dos sinistros.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, persoal xestor e validador do sistema Delt@.

Área técnica: seguridade no traballo e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 c); obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 a); e obxectivo 3, liña 3.4, medida 3.4 c)

2.3. ANÁLISE, TRATAMENTO ESTADÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE OS ACCIDENTES DE TRABALLO

DESCRIPCIÓN

Realizar a análise e o tratamento estatístico, e elaborar estudos sobre a o índice de accidentes laborais laboral en Galicia.

ACTUACIÓNS

- A. Publicación trimestral dun boletín de accidentes de traballo en Galicia, informando dos accidentes producidos no acumulado anual.
- B. Publicación na segunda quincena do mes de marzo dun avance de datos de accidentes de traballo en Galicia 2020.
- C. Publicación, na segunda quincena do mes de xullo, dun anuario de accidentes de traballo en Galicia 2020, realizándose un tratamento estatístico no que se contemplan as distintas variables que se comunican nos partes de accidentes de traballo a través do sistema Delt@.
- D. Elaboración e publicación dun informe sobre os accidentes de traballo mortais ocorridos en Galicia no período 2005-2017. Referencia á investigación dos accidentes polo ISSGA.
- E. Elaboración e publicación dun informe sobre a sinistralidade no manexo do tractor no período 2011-2020. Incidirase nos accidentes de traballo, abranguendo tamén os accidentes dos que se teñan coñecemento aínda que non teñan a cualificación de accidente laboral pola súa importante incidencia nas persoas de idade avanzada no medio rural.
- F. Publicación de estudos sectoriais, de colectivos específicos, por determinadas variables ou períodos de tempo, sobre os accidentes laborais en Galicia que sexan precisos para os distintos programas de actuación neste Plan, ou que se demanden pola autoridade laboral.
- G. Dar continuidade ao estudo do período 2012-2016 sobre a análise de AT no colectivo de condutores profesionais.
- H. Dar continuidade ao estudo do período 2012-2016 sobre a análise de AT no colectivo de persoas traballadoras de máis de 55 anos.
- I. Análise da sinistralidade laboral no persoal traballador por conta propia.

Incluírase a perspectiva de xénero en todos os estudos que se realicen.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación. Área de SST.

Área técnica: seguridade no traballo e medicina do traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 b)

2.4. ANÁLISE, TRATAMENTO ESTADÍSTICO E ELABORACIÓN DE ESTUDOS SOBRE AS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E DAS ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABALLO

DESCRIPCIÓN

Analizar, realizar o tratamento estatístico e elaborar estudos sobre as enfermidades profesionais en Galicia e das enfermidades relacionadas co traballo.

ACTUACIÓNS

- A.** Publicación, con periodicidade trimestral, dun boletín de enfermidades profesionais en Galicia, informado das enfermidades comunicadas nese trimestre e no acumulado anual.
- B.** Publicación, na segunda quincena do mes de xullo, dun anuario de enfermidades profesionais e de enfermidades relacionadas co traballo en Galicia 2020, realizándose un tratamento estatístico no que se contemplen as distintas variables que se comunican a través dos sistemas Cepross e Panotratss.
- C.** Coñecer e analizar os datos das enfermidades relacionadas co traballo, comunicadas a través da aplicación Panotratss. Comprobación de que os accidentes non traumáticos que son notificados a través do Panotratss tamén figuran como accidentes laborais no sistema Delt@.
- D.** Publicación de estudos sectoriais, de colectivos específicos, por determinadas variables ou períodos de tempo, sobre as enfermidades profesionais en Galicia.
- E.** Colaboración coa Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Saúde Pública) e coa autoridade mineira sobre as enfermidades profesionais causadas pola exposición ao po de sílice en determinadas actividades empresariais.
- F.** Estudar a incidencia do circuíto de comunicación de sospeita de enfermidade profesional desenvolvido pola Consellería de Sanidade, en especial as solicitudes de informe ao ISSGA e o seguimento do termo final das resolucións. Analizar coa Inspección Sanitaria a posibilidade dun informe de incidencia periódico.

Incluirase a perspectiva de xénero en todos os estudos que se realicen.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 b); e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 e)

2.5. GRUPO TÉCNICO DE TRABAJO SOBRE SINISTRALIDADE LABORAL

DESCRIPCIÓN

Creación do grupo, por unanimidade, na reunión do CGSSL do 10 de novembro de 2020 participado por persoal técnico dos axentes sociais e do ISSGA. O mandato do grupo é analizar aqueles aspectos da sinistralidade laboral de Galicia máis relevantes destacando a incidencia dos accidentes graves e mortais para determinar o máis posible as causas e formular propostas de actuación para a integración eficaz da xestión preventiva, e así reducir a sinistralidade nos sectores ou actividades que se poidan considerar de actuación prioritaria.

ACTUACIÓNS

- A. Achega polo ISSGA dos datos e tratamentos estatísticos relevantes para o grupo.
- B. Determinación das causas, dos sectores e actividades, colectivos e riscos nos que existe unha maior incidencia da sinistralidade en Galicia.
- C. Formulación de propostas e deseño para a súa implantación e execución polo ISSGA, ITSS, autoridade laboral, axentes sociais, etc.
- D. Elaboración dun informe final que conteña conclusións e propostas e elevación do mesmo ao CGSSL.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

O impulso do grupo corresponde ao ISSGA. Datos e tratamento estatístico á área de seguridade. Traballo de todos os integrantes do grupo e supervisión do CGSSL.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 b); obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 d); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 e)



EIXE 3

INVESTIGACIÓN

Este eixe inclúe procesos reactivos, isto é, os derivados de danos xa producidos tras un sinistro cuxa investigación é necesaria con diversos fins, para preferentemente establecer accións preventivas e para dar traslado dos informes técnicos a outros órganos administrativos ou xudiciais cando o soliciten, para a depuración de posibles responsabilidades nos distintos ámbitos no eido da PRL. Todo isto sen prexuízo das competencias da ITSS, e no exercicio da función do ISSGA de prestar colaboración pericial e asesoramento técnico á devandita inspección.

O resultado da investigación que se plasma nos informes recolle a análise das causas que motivan os accidentes e as enfermidades co fin último de que non volvan a ocorrer; e serven para adquirir, e posteriormente transmitir, coñecemento preventivo.

Non corresponde ao ISSGA esta función de investigación cando está expresamente atribuída a outras unidades directivas ou administracións como son a investigación de accidentes en aplicación da técnica mineira, accidentes ferroviarios, accidentes aéreos e accidentes marítimos, cando a investigación corresponde a outros organismos especializados.

Intégranse neste eixe 2 fichas de actividade:

3.1. Investigación de accidentes de traballo	26
3.2. Investigación de enfermidades profesionais e de enfermidades relacionadas co traballo	27

3.1. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES DE TRABAJO

DESCRIPCIÓN

Investigar os AT co fin de coñecer as causas que os provocan, e dende a perspectiva do sinistro como risco laboral que se pode previr. Elaboración dun informe técnico que servirá de apoio á autoridade laboral ou sanitaria, ou na orde xudicial no exercicio das súas respectivas competencias.

De xeito continuo, préstase polo persoal técnico do ISSGA colaboración pericial e asesoramento técnico á ITSS no desenvolvemento das súas funcións.

ACTUACIÓNS

- A.** Investigación de AT graves e mortais ocorridos durante a xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os non traumáticos. Respecto destes últimos, coa excepción da investigación non periódica e baixo un enfoque epidemiolóxico.
- B.** Investigación de AT leves que presenten características peculiares como poden ser, entre outras, os accidentes leves nos que se constate a existencia de datos que denoten a infradeclaración da lesión e, de ser o caso, para traslado do devandito extremo á ITSS para os efectos que procedan. Asemade, outros accidentes leves polo número de persoas accidentadas ou o sector no que se producen.
- C.** Investigación de AT a petición da ITSS ou da autoridade xudicial.
- D.** Investigación doutros AT que polas súas características, incidencia, forma ou evolución sexa preciso investigar.
- E.** Desenvolvemento das accións ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a CEI e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias. Planificación das quendas de garda do persoal técnico, coordinación coas forzas e corpos de seguridade e coa ITSS, e elaboración dos preinformes e dos informes técnicos, e a súa remisión ao órgano correspondente.
- F.** Actualización e difusión da colección de “Fichas de investigación de accidentes de traballo”, no sector da pesca e na actividade da construción e afíns.
- G.** Funcionamento do grupo de traballo interno, creado en maio de 2017, no que participan técnicos que realizan investigacións de AT, para intercambio de coñecementos, unificación de criterios, etc. Exposición de casos e elaboración de fichas de investigación de accidentes de traballo para a xeración e transmisión de coñecemento para outros casos nos que se poden evitar.
- H.** Colaboración coa Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM), dependente do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, para o intercambio de información sobre os sinistros marítimos ocorridos en Galicia.
- I.** Promover a adopción de criterios técnicos para unha gradación da gravidade dos AT.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo e ergonomía e psicopsicología aplicada.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 b), e obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b)

3.2. INVESTIGACIÓN DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS E DE ENFERMIDADES RELACIONADAS CO TRABALLO

DESCRIPCIÓN

Investigar as EEPP co fin de coñecer as causas que as provocan. Elaboración dun informe técnico que servirá de apoio á autoridade laboral, ou na orde xudicial no exercicio das súas competencias.

De xeito continuo, préstase polo persoal técnico do ISSGA colaboración pericial e asesoramento técnico á ITSS no desenvolvemento das súas funcións.

ACTUACIÓNS

- A.** Investigación das EEPP recollidas no anexo I do Real decreto 1299/2006, comunicadas a través do sistema Cepro. A selección realizarase tendo en conta a súa incidencia, as actividades empresariais e o risco, así como as conclusións do Mapa de riscos ergonómicos de Galicia. Procurarase a inclusión da perspectiva de xénero nas investigacións.
- B.** Investigación de EEPP a petición da ITSS ou da autoridade xudicial.
- C.** Investigación das EEPP notificadas como profesionais e pechadas como enfermidade común ou AT.
- D.** Investigación de sospeitas de EEPP, en colaboración coa Autoridade sanitaria.
- E.** Comunicación á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social das desviacións detectadas na tramitación dos partes de enfermidade profesional comunicados a través da aplicación Cepro.
- F.** Promover a vixilancia da saúde colectiva e a análise das enfermidades laborais con fins epidemiolóxicos que permitan un maior coñecemento sobre o estado de saúde nas empresas e establecer as prioridades de actuación en materia de prevención.
- G.** Actualización e difusión da colección de “Fichas de investigación de enfermidades profesionais”, elaboradas para o sector agrario e pesqueiro, así como elaboración de novas fichas de enfermidades profesionais investigadas noutras actividades como poden ser as altamente feminizadas.
- H.** Realización de Escolas de Saúde Laboral nos distintos sectores, especialmente no sector pesqueiro. Propiciar a realización de recoñecementos médicos no colectivo de redeiras, mariscadoras, percebeiros, actividades feminizadas e outros colectivos e, se a mostra o permite, a realización de estudos epidemiolóxicos. A Escola de Saúde Laboral enténdese como a revisión, polo persoal médico e de enfermaría do traballo que no recoñecemento médico avalían os aspectos fundamentais para a protección daqueles danos para a saúde respecto da actividade concreta que se realiza.
- I.** Estudo de viabilidade para a posterior realización dun mapa de enfermidades profesionais en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 b), obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); obxectivo 5, liña 5.2, medida 5.2 a); e obxectivo 5, liña 5.2, medida 5.2 a)



EIXE 4

ASESORAMIENTO TÉCNICO E ACTUACIÓN DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

As actuacións deste eixe son as de coordinación administrativa, colaboración e asesoramento técnico a outros organismos e entidades públicas, ás empresas e aos traballadores e traballadoras, así como aos seus representantes. O asesoramento técnico é unha actividade fundamental do Instituto, figurando entre os seus fins recollidos no artigo 3 da Lei de creación e nos seus estatutos.

Inclúense neste eixe tanto actuacións de carácter permanente como as que se demanden, que en moitos casos non son programables por estar en función das solicitudes que se reciban.

Intégranse, neste eixe 8, fichas de actividade:

4.1. Interlocutores sociais e consultas técnicas	29
4.2. Autoridade laboral	30
4.3. Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)	31
4.4. Actuación do persoal técnico habilitado	32
4.5. Autoridade sanitaria	33
4.6. Autoridade mineira	35
4.7: Autoridade xudicial e Fiscalía	36
4.8. Actuacións de prevención da transmisión do coronavirus	37

4.1. INTERLOCUTORES SOCIAIS E CONSULTAS TÉCNICAS

DESCRICIÓN

Unha das principais funcións do ISSGA é a de prestarlles ás organizacións sindicais e empresariais, e aos demais axentes económicos e sociais, asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de PRL.

Por outra banda, o ISSGA tamén atende as consultas técnicas que recibe de persoas ou entidades, sobre temas relacionados coa PRL e a SST.

ACTUACIÓNS

- A.** Colaboración cos interlocutores sociais, co fin de promover a mellora das condicións de traballo e a promoción da SST, desenvolvendo a EGSST 2017-2020.
- B.** Asesoramento técnico e/ou consultas a solicitude de representantes das persoas traballadoras e do empresario en materia de SST para acadar un mellor cumprimento da normativa de PRL.
- C.** Fomentar a formación en PRL dos delegados de prevención e membros dos comités de seguridade e saúde laboral, incorporando nos cursos básicos en liña que organiza o ISSGA a súa preferencia na selección xunto cos traballadores designados e empresarios que asuman as funcións de PRL na súa empresa.
- D.** Facilitar, cando sexa posible, que na formación interna que desenvolve o ISSGA para o seu persoal técnico participe o persoal técnico de PRL das organizacións sindicais e empresarial.
- E.** Establecer unha liña de coordinación co Observatorio Galego de Negociación Colectiva. Avaliar os contidos da PRL na negociación colectiva e determinar exemplos de boas prácticas neste eido que poidan mellorar a PRL.
- F.** Atender as consultas técnicas no ámbito competencial.
- G.** Contacto permanente co INSST e os institutos de SST das CCAA, para detectar preguntas e problemáticas, así como actualizar na web as ligazóns destas entidades e, en concreto, aos portais temáticos e as guías técnicas do INSST, así como aos protocolos de actuación da ITSS.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 d); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 e)

4.2. AUTORIDADE LABORAL

DESCRICIÓN

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo a súa normativa, é prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade laboral, que engloba as competencias de relacións laborais e seguridade e saúde laboral en Galicia. Recóllense tamén funcións de elaboración de informes solicitados pola AGE.

ACTUACIÓNS

- A.** Efectuar, a petición da autoridade laboral, os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- B.** Participación na comisión de valoración da orde anual pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da PRL en Galicia (orde da Consellería de Emprego e Igualdade), así como elaboración dos informes técnicos que se soliciten ao Instituto ao abeiro desa orde.
- C.** Desenvolver unha das vogalías do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- D.** Proposta de elaboración dun protocolo para a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a inspección mineira e o ISSGA, para a actuación ante un accidente neste ámbito, que permita dar cumprimento ao previsto na EGSST 2017-2020.
- E.** Participar na Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.
- F.** Asesoramento técnico en PRL que se demande nos obradoiros de emprego e escolas taller.
- G.** Calquera outra demanda de colaboración por parte da autoridade laboral galega no ámbito de competencias e funcións do ISSGA.
- H.** Respecto a solicitudes formuladas polo INSS e o EVI, dependentes da AGE, realízase:
 - Asesoramento técnico ao Ministerio competente en materia de traballo sobre as solicitudes de establecemento de coeficientes reductores da idade de xubilación.
 - Asesoramento técnico ao INSS participando nas reunións dos Equipos de Valoración de Incapacidades.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); e obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 e)

4.3. INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL (ITSS)

DESCRIPCIÓN

O artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, establece que as administracións das CCAA adoptarán, nos seus respectivos ámbitos de competencia, as medidas necesarias para garantir a colaboración pericial e o asesoramento técnico precisos á ITSS.

Así, entre as funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos, figura a de prestar á ITSS colaboración e asesoramento técnico nas actuacións técnicas e nas de comprobación e control.

ACTUACIÓNS

- A.** Asesoramento técnico e pericial nas actuacións de control e condicións de traballo nas entidades e empresas galegas, cando se solicite.
- B.** Colaboración e asesoramento técnico coas actuacións do persoal técnico habilitado do ISSGA.
- C.** Participar na Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.
- D.** Colaboración na Campaña de asistencia técnica con ocasión da apertura de novos centros de traballo.
- E.** Colaboración na definición dun sistema de coordinación efectiva e de alcance xeral, no marco do Comité Mixto, entre o sistema de inspección e os órganos técnicos dependentes das Comunidades Autónomas, previsto no marco dos plans de acción da Estratexia Española de SST 2015-2020.
- F.** Colaboración que se demande no desenvolvemento dunha campaña sobre vixilancia e control da actividade preventiva en relación á síndrome de túnel do carpo nos sectores da industria cárnica, hoteis e aloxamentos similares, e no sector de limpeza de edificios, que figura no que figura no marco dos plans de acción da Estratexia Española de SST 2015-2020.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, subdirección xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 g)

4.4. ACTUACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO HABILITADO

DESCRICIÓN

Realizar as actuacións de verificación polo persoal técnico habilitado do Instituto, ao abeiro do disposto no artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, a través das 12 prazas habilitadas segundo o regulado no Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.

A previsión de actuacións a realizar polo persoal técnico habilitado durante 2021 fíxase na reunión da Comisión Autónoma Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.

ACTUACIÓNS

- A.** Participación na Comisión Autónoma Tripartita da ITSS de Galicia sobre as actuacións a realizar polo persoal técnico habilitado do Instituto no ano 2021.
- B.** Desenvolvemento das actuacións de comprobación do persoal técnico habilitado, segundo a programación proposta polo ISSGA e aprobada pola dita comisión, e realizando as xuntanzas de coordinación precisas. Realizaranse, entre outras, actuacións sobre riscos de caída en altura, colocación adecuada de equipos de protección, riscos a bordo de buques pesqueiros, equipos de traballo no sector forestal e riscos en actividades de panaderías, tinturarias, ITV e talleres de automóbiles.
- C.** Actuacións en sectores ou actividades que resulten da proposta formulada polo grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral creado no CGSSL e recollido na ficha 2.5, sempre que sexa posible segundo a planificación inicial.
- D.** Actuacións relativas á habilitación contida no Real decreto-lei 21/2020 de 9 de xuño en relación coas medidas de prevención e hixiene para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 nos centros de traballo.
- E.** Remisión dos informes realizados polo persoal técnico habilitado á ITSS, segundo o establecido na instrución interna.
- F.** Informe de execución das actuacións realizadas no ano 2020.
- G.** Grupo de traballo interno de persoal técnico habilitado.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, e persoal técnico habilitado.

Áreas técnicas: segundo a planificación anual.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 3, liña 3.3, medida 3.3 d) da estratexia, e obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b)

4.5. AUTORIDADE SANITARIA

DESCRIPCIÓN

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, así como nos seus estatutos, é a de prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade sanitaria.

ACTUACIÓNS

- A.** Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento da asistencia sanitaria dispensada polo Servizo Público de Saúde, a través do intercambio de datos sobre os accidentes laborais, dirixido en concreto á detección da asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento. Facer seguimento específico en actividades relacionadas con sectores feminizados e en concreto no sector da conserva, na axuda a domicilio e limpeza.
- B.** Asesoramento técnico e investigación de casos de saúde laboral no procedemento de comunicación de sospeita de enfermidades profesionais e intercambio de información sobre casos comunicados e cambios na determinación da continxencia.
- C.** Formular a Sanidade unha proposta relativa ao desenvolvemento dunha campaña para intensificar a comunicación de sospeita de enfermidade profesional a través do seu sistema por parte da medicina de atención primaria.
- D.** Intercambio de información relacionada coa exposición dos traballadores ao amianto, tanto no rexistro galego de exposición laboral ao amianto, da autoridade sanitaria, como ao establecemento de mapas de risco laboral e estudos epidemiolóxicos. O obxecto é a mellora das condicións de traballo, da vixilancia da saúde e do cumprimento da normativa laboral na materia.
- E.** Transmisión de información sobre irregularidades e incumprimentos relativos á etiquetaxe e fichas de datos de seguridade de substancias e preparados perigosos detectadas no desenvolvemento das actuacións do ISSGA.
- F.** Cando se solicite de xeito individual, colaborar coa inspección sanitaria nos supostos derivados do Sistema Coordinado de Intercambio Rápido de Información da rede de Vixilancia, Inspección e Control de Produtos Químicos, no caso de que haxa persoal traballador afectado.
- G.** Prestar asesoramento técnico e participar nunha actuación conxunta, segundo o previsto no procedemento específico de investigación ambiental e epidemiolóxica de casos illados de lexionelose da autoridade sanitaria, por estar ante un posible ámbito laboral.
- H.** Realización de estudos epidemiolóxicos en sectores laborais específicos, participando na vixilancia da saúde post-ocupacional; en particular, afondar na implantación de programas específicos en colaboración coas autoridades laboral e sanitaria, para as persoas traballadoras que estiveron expostas a canceríxenos, en especial ao amianto e sílice ou axentes biolóxicos.
- I.** Asesoramento técnico sobre deficiencias nas actividades sanitarias dos servizos de prevención.
- J.** Asesoramento técnico sobre a calidade do aire interior dos centros de traballo que pode influír na saúde laboral dos traballadores.
- K.** Asesoramento técnico á autoridade sanitaria e ao Instituto Nacional de Seguridade Social, participando no grupo de traballo do convenio suscrito por estas entidades para a realización de actuacións conxuntas en relación coas traballadoras e traballadores afectados de patoloxías derivadas da utilización laboral do amianto.
- L.** Participación na formación de persoal sanitario de atención primaria en saúde laboral e, de xeito especial, na comunicación das sospeitas de enfermidades profesionais.

4.5.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no programa de detección a terceiros obrigados ao pagamento ao Sergas. No resto, áreas de medicina do traballo, ergonomía e psicosocioloxía e hixiene industrial.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a), obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 e); e obxectivo 5, liña 5.2, medida 5.2 e)

4.6. AUTORIDADE MINEIRA

DESCRICIÓN

O ISSGA debe colaborar coa unidade directiva competente en materia de minas e de seguridade industrial, que é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

O artigo 7 da Lei de PRL establece que “As funcións das Administracións públicas competentes en materia laboral que se sinalan no apartado 1 continuarán sendo desenvolvidas, no referente aos traballos en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación de técnica mineira, aos que impliquen fabricación, transporte, almacenamento, manipulación e utilización de explosivos ou o emprego de enerxía nuclear, polos órganos específicos contemplados na súa normativa reguladora”.

ACTUACIÓNS

- A.** Colaboración técnica nas actuacións da autoridade e da inspección mineira no ámbito de PRL e concorrentes da súa competencia, de control e condicións de traballo nas entidades e empresas galegas no sector mineiro, cando se solicite.
- B.** Participación nos grupos de traballo existentes no ámbito da PRL no sector mineiro e afíns, cando así se solicite.
- C.** Colaboración en accións en PRL e seguridade industrial.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade, hixiene industrial e medicina do traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 g)

4.7. AUTORIDADE XUDICIAL E FISCALÍA

DESCRICIÓN

Unha das funcións propias do ISSGA, segundo o establecido na súa lei e nos seus estatutos, é a de prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade xudicial.

ACTUACIÓNS

- A.** Investigación e informe de accidentes de traballo a petición da autoridade xudicial.
- B.** Investigación e informe de enfermidades profesionais a petición da autoridade xudicial.
- C.** Desenvolvemento das accións ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fiscalía General de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras, así como a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
- D.** Asesoramento técnico á autoridade xudicial e á Fiscalía nas materias propias do ISSGA que se lle soliciten.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); e obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 e)

4.8. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO CORONAVIRUS

DESCRICIÓN

Sen prexuízo da creación da unidade de referencia, o ISSGA, no exercicio das súas funcións de asesoramento técnico, información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais, elabora diversos documentos nos que se recollen recomendacións preventivas básicas que se deben ter en conta nos centros de traballo segundo as informacións das autoridades sanitarias sobre o coronavirus e presta asistencia técnica a solicitude, tanto no momento do estado de alarma como durante o levantamento das medidas do estado de alarma e no contexto actual da pandemia provocada pola COVID-19.

Todo isto sen prexuízo da necesidade de medidas específicas que se deban adoptar en función das características concretas da actividade e que corresponden á organización preventiva da empresa (servizo de prevención, traballadores designados ou asunción polo empresario) Sempre seguindo as pautas das autoridades sanitarias en cada momento.

ACTUACIÓNS

- A.** Elaboración de documentación técnica con recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus para diversos sectores e actividades en diferentes formatos, así como as correspondentes versións actualizadas en función da evolución da situación.
- B.** Asistencia técnica especializada a solicitude de diversas consellerías na elaboración de protocolos específicos e de incorporación, nas consultas, na selección e uso dos distintos tipos de máscaras e equipos de protección, na redacción de ordes e plataformas, etc.
- C.** Asesoramento técnico a solicitude de clusters e asociacións en protocolos, consultas e plataformas.
- D.** Coordinación con unidades directivas e participación con organizacións.
- E.** Atención a consultas escritas e por vía telefónica a través dos teléfonos habilitados nas distintas provincias con a tal fin.
- F.** Participación en medios de comunicación, congresos e xornadas en liña.


UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina do traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); e co obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b)



EIXE 5

PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN, MELLORA DA XESTIÓN E REDUCIÓN DA SINISTRALIDADE

Este eixe inclúe, en dúas fichas por semestre, as campañas de promoción e sensibilización en xeral da PRL ou dirixidas a determinada actividade. Por unha banda, dirixidas a persoal cualificado, colectivos con riscos específicos ou actividades ou sectores de alta sinistralidade ou alto risco e, por outra banda, dirixidos ás pemes e micropemes, á promoción da PRL no emprego autónomo e, en xeral, á promoción da cultura preventiva na sociedade galega.

En canto ás actuacións de investigación, asesoramento e asistencia, reflíctense neste eixe as programadas por sectores ou fronte a riscos ou colectivos determinados, en función do seu estado de situación en PRL e da evolución da súa sinistralidade. A filosofía é que sexan programas cun carácter temporal limitado (anuais ou bienais), co obxecto de poderlos reformular periodicamente, sen menoscabo de que, polas súas características de especial risco, determinados sectores figuren case de forma permanente neste eixe.

O deseño e execución das actuacións recollidas nestes programas farase coa participación e colaboración dos interlocutores sociais con representación no órgano colexiado superior de goberno do ISSGA.

Estas actuacións relaciónanse, entre outros, co obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 b); e obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 b) da EGSST 2017-2020.

Intégranse, neste eixe 28, fichas de actividade:

Por campañas

5.1. Campañas de promoción da prevención	40
5.2. Campañas transversais a causa da pandemia e campañas sectoriais por sinistralidade	43

Por sector de actividade

5.3. Construción e afíns	45
5.4. Plan de grandes obras e obra civil	46
5.5. Sector forestal, actividade de silvicultura. Industria madeireira	48
5.6. Sector agrario e gandeiro	50
5.7. Pesca e afíns	51
5.8. Industria	53
5.9. Servizos	54
5.10. Transportes	55
5.11. Montaxe e desmontaxe de eventos e coordinación de actividades	56
5.12. Sectores e empresas de maior sinistralidade	57
5.13. Realización de propostas do grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral	58

Por risco

5.14. Coordinación para a análise e propostas de actuacións para a retirada de amianto	59
5.15. Traballos con risco por amianto. Programa integral “Alerta_Pode haber amianto”	60
5.16. Traballos con risco de exposición a po de sílice	62
5.17. Traballos con nanomateriais	63
5.18. Radon no ámbito laboral	64
5.19. Riscos ergonómicos. Prevención dos TME	65
5.20. Riscos psicosociais	67
5.21. Seguridade viaria laboral	68
5.22. Promoción da saúde para evitar riscos e accidentes non traumáticos	69
5.23. Riscos emerxentes	70

Por colectivos

5.24. Persoas traballadoras especialmente sensibles	71
5.25. Sectores e actividades económicas feminizadas ou con alta presenza de mulleres	72
5.26. Protección da maternidade no ámbito laboral	73
5.27. Persoal coidador de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar	74
5.28. Promoción da PRL nas traballadoras e traballadores autónomos	75

5.1. CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DA PREVENCIÓN

DESCRIPCIÓN

Unha das funcións principais do ISSGA consiste en promover, en todos os ámbitos, a prevención dos riscos laborais, e para isto destaca, como instrumento máis eficaz, a elaboración e difusión de campañas destinadas a combater determinados riscos, o desenvolvemento de actividades concretas e, en xeral, aquelas destinadas a xerar conciencia preventiva no tecido empresarial galego (entendido como empresariado e persoal traballador), mesmo chegando a toda a sociedade galega.

A execución destas campañas permítenos establecer liñas de colaboración con interlocutores sociais, entidades científico técnicas nesta materia e, en xeral, cos colectivos aos que van dirixidas. No seu desenvolvemento poden darse unha serie de pasos como, por exemplo, a elaboración da documentación e dos seus soportes, a súa presentación, difusión, xornadas e/ou foros para promoción e o debate, etc.

Todas estas campañas están elaboradas por persoal técnico de PRL sendo este sempre o seu destinatario, ben por poder utilizalas nas súas tarefas informativas e formativas, ben por ser instrumentos que lle axuden no seu traballo como especialista.

A execución das campañas reflíctese neste documento en dúas fichas. A orde das campañas non ten por que responder co tempo de execución, por estar sometidas a deseño, elaboración, etc., e algunha ser previsible a súa presentación en días sinalados ou con motivo de xornadas técnicas ou outros foros nos que participe o ISSGA.

Todas estas campañas poden verse afectadas na súa execución polos escenarios que vaia marcando a pandemia e as normas da autoridade sanitaria.

ACTUACIÓNS

1. Difusión do Plan de actuación do ISSGA 2021

Obxectivo: a posta en valor do órgano técnico encargado da xestión e a coordinación das políticas públicas en materia de SST da Xunta de Galicia, coa participación activa dos interlocutores sociais, dando a coñecer a súa actividade anual.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas)

Colaboradores: unidades directivas da Xunta de Galicia e interlocutores sociais presentes no Consello Reitor do ISSGA.

2. ODS e SST

Obxectivo: análise da vinculación da SST aos obxectivos de desenvolvemento sostibles.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas)

Soportes: documento, cartel e banner en web.

3. Faite visible

Obxectivo: dar a coñecer, na conducción, as posicións que se deben evitar e os sitios onde son máis visibles os motoristas polo resto do tráfico e repartir accesorios que incrementen a visibilidade.

Destinatarios: motoristas de reparto de comida a domicilio e empresas desta actividade.

Soportes: enquisa, cartel, folleto informativo e material promocional.

Colaboradores: INSST e empresas participantes na enquisa.

5.1.

4. A túa vida, sen voltas

Obxectivo: fomentar o uso seguro do tractor e o aumento do número de tractores con estrutura de protección en caso de envorco e do cinto de seguridade.

Destinatarios: agricultores tanto por conta propia como allea, cooperativas agrarias, técnicos e alumnado das Escolas de Capacitación Agraria. Poboación rural en xeral.

Soportes: carteis técnicos e divulgativos, folleto, vídeo divulgativo, simulador de conducción segura do tractor e material promocional.

Colaboradores: INSST e centros dependentes das consellerías de Medio Rural e de Cultura, Educación e Universidade.

5. Mellora da SST nos centros de atención a chamadas

Obxectivo: dar a coñecer os riscos característicos da actividade xunto con propostas preventivas para evitar ou minimizar danos para a saúde.

Destinatarios: persoas traballadoras e empresas de atención a chamadas telefónicas.

Soportes: folla de prevención, tríptico e banner en web.

6. Integración da igualdade: perspectiva de xénero na PRL

Obxectivo: incorporar a perspectiva de xénero en todos os aspectos da PRL.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas)

Soportes: documento técnico, tríptico, cartel e banner en web.

Colaboradores: Osalan, técnicos dos interlocutores sociais membros da Comisión para a integración da igualdade en políticas de PRL.

7. Corta o risco químico, peitea con seguridade

Obxectivo: concienciación e integración da prevención do risco químico en salóns de peiteado e tratamentos de beleza polo uso continuo e cotiá de tinguiduras e outros produtos perigosos.

Destinatarios: persoas traballadoras e salóns de peiteado, alumnos dos ciclos de FP cun futuro nesta actividade.

Soportes: documento informativo, carteis, material promocional e banner.

8. Xestión da idade. 55 e máis anos

Obxectivo: incorporar a importancia da xestión da idade durante toda a vida laboral. Poñer en valor ás persoas de máis idade nos centros de traballo.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas)

Soportes: tríptico informativo, carteis e banner en web.

9. Mellora da calidade da información na tramitación dos partes de AT no Delt@ para xestorías

Obxectivo: insistir na importancia dunha veraz e correcta cobertura dos partes de accidente pola súa incidencia no traballador e na elaboración da estatística que é fonte para a toma de decisións no eido na sinistralidade laboral.

Destinatarios: xestorías procesadoras de Delt@

Soportes: tríptico e xornadas técnicas.

10. PRL no manexo de drones. Utilización de drones na PRL

Obxectivo: é dobre, considerar o dron como un equipo, e polo tanto, levar asociada a PRL no seu manexo e divulgar as posibilidades da utilización de drones en diferentes utilidades con fins preventivos.

Destinatarios: empresas de drones e o ámbito da PRL en xeral.

Soportes: guías técnicas e xornadas técnicas.

5.1.

11. IMPLANTA a PRL na actividade forestal

Obxectivo: promover o coñecemento dos riscos e as medidas para un traballo seguro e para diminuír a sinistralidade laboral no sector forestal.

Destinatarios: traballadores e empresas deste sector.

Sportes: material informativo e accións de formación prácticas.

12. Traballos en cubertas: o importante é baixar con vida

Obxectivo: sensibilizar sobre o risco de caída en altura, principalmente no sector da construción, tanto aos que executan os traballos sobre cubertas, como aos promotores titulares dos edificios, e facilitar os criterios técnicos que se deben seguir para que estas tarefas se realicen de maneira segura.

Destinatarios: traballadores por conta propia e allea, empresas e titulares de edificios.

Sportes: documento divulgativo, trípticos, carteis e vídeo.

Colaboradores: INSST.

13. Alerta nos danos das traballadoras e traballadores nas actividades de colocación de uñas permanentes e pestanas postizas

Obxectivo: poñer de manifesto o risco da manipulación de produtos perigosos e a actual problemática na saúde das traballadoras pola xeneralización destas prácticas.

Destinatarios: traballadoras e empresas desta actividade.

Sportes: tríptico, cartel e banner en web.

14. Dixitalización e traballadores maiores

Obxectivo: facilitar en termos de PRL o cambio a un traballo cun peso moito maior da dixitalización. Frear a resistencia ao cambio e buscar colaboradores para o éxito.

Destinatarios: tecido empresarial (poboación traballadora por conta allea e propia e empresas)

Sportes: tríptico, cartel e banner en web.

15. Os Coidade do ISSGA. PRL en augas minerais e termais

Obxectivo: difusión das medidas preventivas para evitar e minimizar os principais riscos en augas minerais e termais.

Destinatarios: traballadores e empresas destas actividades.

Sportes: documento técnico.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 a), medida 4.3 f), medida 4.3 i); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 b)

5.2. CAMPAÑAS TRANSVERSAIS A CAUSA DA PANDEMIA E CAMPAÑAS SECTORIAIS POR SINISTRALIDADE

DESCRIPCIÓN

No Consello Reitor do 28 de xullo determinouse a realización dunha serie de campañas, unhas de carácter transversal e por mor da pandemia e outras por sectores en función da súa alta sinistralidade. Ditas campañas están en elaboración e darase publicidade ás mesmas no 2021.

Debe terse en conta, se é o caso, a incorporación de campañas que resulten do grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral creado no seo do CGSSL na súa reunión de 10 de novembro de 2020.

ACTUACIÓNS

A. CAMPAÑAS TRANSVERSAIS POR MOR DA PANDEMIA

1. No traballo a distancia:

- a) Medidas preventivas no teletraballo e no uso de dispositivos móbiles.

TELETRABALLA CON PREVENCIÓN

2. Riscos psicosociais:

- a) Riscos psicosociais no traballo xerados pola COVID-19

B. CAMPAÑAS POR SECTORES EN FUNCIÓN DA SÚA SINISTRALIDADE

3. No sector agrícola e forestal, actuacións referentes a:

- a) Uso seguro do tractor, maquinaria e apeiros.

A TÚA VIDA SEN VOLTAS

- b) Corta de árbores: documentos e manual para o alumnado IMPLANTA forestal, Fichas de árbores apoiados e enganchados e árbores sentados, etc.)

IMPLANTA FORESTAL

4. No sector da pesca:

- a) Prevención na pesca. Documentos Lembra pesca, fichas de investigación de accidentes na pesca e fichas de investigación de enfermidades profesionais.

LEMBRA PESCA

5. No sector da industria:

- a) Cortes con maquinaria en carpinterías.

NON TE CORTES

- b) Utilización de máquinas de corte, fresa e lixado manual: amoladoras (industria e construción)

NON TE AMOLES

6. No sector da construción:

- a) Actuacións sobre prevención nas caídas de altura (traballos en cubertas, cubertas fráxiles, utilización de escaleiras de man...)

O IMPORTANTE É BAIXAR CON VIDA

5.2.

7. No sector servizos:

- a) Prevención dos riscos nas actividades de transporte de mercadorías. Documentación para condutores profesionais, con riscos específicos e dende o enfoque do factor humano. Documentación para repartidores.

CONDUTORES PROFESIONAIS

C. CAMPAÑAS DERIVADAS DO GRUPO TÉCNICO DE TRABALLO SOBRE SINISTRALIDADE LABORAL

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as áreas técnicas.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 a), medida 4.3 f), medida 4.3 i); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 b)

5.3. CONSTRUCCIÓN E AFÍNS

DESCRICIÓN

Estamos ante unha actividade de alto risco na que se traballa de xeito continuo. Nesta ficha inclúens actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector da construción e afíns, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Actuacións para a mellora de hábitos laborais no sector da construción e afíns e fomentar a selección adecuada e o uso correcto de material, equipos de traballo e equipos de protección individual.
- B.** Actuacións específicas sobre o risco de caída nos traballos en altura, especialmente enfocadas ao traballo en plataformas elevadoras móbiles de persoas, estadas, guindastres, cubertas, cubertas fráxiles e escadas.
- C.** Actividades destinadas a reducir a sinistralidade laboral no traballo en gabias e noiros.
- D.** Dar continuidade ás actuacións coa Fundación Laboral da Construción, entidade na que están presentes os interlocutores sociais, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre as dúas entidades. Abordar os riscos asociados ás novas tendencias do sector da construción. Programa de visitas piloto de asesoramento e seguimento das obrigas preventivas na actividade de rehabilitación e modernización de edificios (eficiencia enerxética, accesibilidade, etc.) Impartición polo ISSGA da formación da TPC recollida no Convenio Colectivo da Construción. Visitas conxuntas a obras para asesoramento e seguimento en PRL.
- E.** Elaboración dun manual sobre a coordinación de actividades nas obras de construción, con IAPRL, ICASST e Osalan.
- F.** Funcionamento do grupo técnico de traballo co sector sobre a PRL no mesmo, con presenza do sector e de institucións e organizacións que representen os seus intereses.
- G.** Participación no grupo de traballo creado entre o INSST e os organismos técnicos das comunidades autónomas sobre preguntas frecuentes en construción.
- H.** Outras actuacións que se decidan en colaboración cos interlocutores sociais.

A estas actuacións deberán unirse, por dirixirse ao sector de construción e afíns, outras accións descritas no apartado de campañas e formación.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a); e obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 a)

5.4. PLAN DE GRANDES OBRAS E OBRA CIVIL

DESCRICIÓN

Este plan execútase en conxunto coa ITSS de Galicia.

Consiste no asesoramento e control sobre a PRL nas grandes obras e na obra civil que se realiza na Comunidade Autónoma de Galicia. Polas peculiaridades que presentan dende o punto de vista preventivo (magnitude), implican a numerosos traballadores e traballadoras, habitualmente recorréndose á figura da subcontratación, utilización de técnicas construtivas complexas e novas, etc.

ACTUACIÓNS

- A.** Prestar asesoramento técnico á Inspección de Traballo e Seguridade Social nestas obras.
- B.** Establecer procedementos de asesoramento, colaboración e control sobre as condicións de traballo nas obras civís de gran entidade.
- C.** Promover mecanismos de colaboración e comunicación coas direccións facultativas e coordinadores/as de seguridade e saúde nestas obras.

Durante o 2021 o ISSGA ten previsto actuar nas seguintes obras, con independencia doutras cuxa execución poida comezar este ano:

A Coruña

- Rehabilitación Catedral de Santiago de Compostela
- Edificio Fontán na Cidade da Cultura
- Estación intermodal de Santiago
- Saneamento-dragado da Ría do Burgo
- Ampliación da Pasaxe e soterramento do cruce Solymar
- Ampliación do CHUAC

Lugo

- Autoestrada A-54 Lugo – Santiago de Compostela. Tramo: Enlace de Melide (Sur) – Enlace de Palas de Rei
- Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Tramo: A Pobra de San Xiao – Sarria
- Reforma e ampliación do Hospital da Costa en Burela
- Obras de recuperación do Barrio da Residencia en Lugo: Rehabilitación do antigo Hospital Materno-Infantil para Centro Integral de Saúde; Rehabilitación de edificio para Oficina Central de Emprego en Lugo; Nova residencia de maiores no antigo Hospital Xeral
- Nova estación de tren en Lugo
- Renovación da liña de ferrocarril de Covas a Monforte e de Monforte a Lugo
- Construción de edificio de madeira “Impulso Verde” en Lugo

5.4.

Ourense

- Obras AVE Lubián-Ourense Tramos Canda-Ourense
- Estación Ave Porta de Galicia en A Gudiña (Ourense)
- Estación Intermodal Ourense Ave, aparcamento para turismos
- Centro Comercial Polígono San Cibrao (Way Ourense)
- Residencia de maiores en antiga estación autobuses de Ourense.
- Parque acuático Complexo Lúdico Monterrei Pereiro de Aguiar (Ourense)

Pontevedra

- Autovía A-57 tramo: Vilaboa-A Hermida
- Rehabilitación do edificio do Hospital Xeral para o seu uso como Cidade da Xustiza
- Nova estación de tren de Vigo (Centro Vialia), nova estación de bus en Vigo e Obra de conexión entre AP-9 e as dúas estacións, así como os seus accesos
- Reforma das gradas do estadio municipal de Balaídos de Vigo
- Urbanización Barrio do Cura en Vigo
- Cidade deportiva do Real Club Celta de Vigo en Mos
- Vía de Altas Prestacións Tui - A Guarda. Enlace de Areas

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 3, liña 3.4, medida 3.4 a); e obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

5.5. SECTOR FORESTAL, ACTIVIDADE DE SILVICULTURA. INDUSTRIA MADEIREIRA

DESCRIPCIÓN

Desenvolver accións de asesoramento, información e sensibilización co obxecto de diminuír a sinistralidade laboral no sector forestal, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras. Estas actuacións desenvolveranse na medida do posible en colaboración coa Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Industria Forestal e coas organizacións sectoriais representativas do sector forestal e madeireiro.

ACTUACIÓNS

- A.** Colaboración coa Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e coas entidades representativas do sector nas actuacións que se soliciten.
- B.** Programa de prevención de riscos e redución da sinistralidade na industria forestal, nas operacións de maior accidentabilidade no traballo no monte, e investigación causal destes accidentes, incluídos os do persoal autónomo. De ser o caso, realización de visitas aos centros de traballo da industria madeireira, para unha mellora da resposta técnica a riscos de hixiene industrial.
- C.** Achegar información sobre o uso seguro de equipos de traballo, en particular no manexo de maquinaria forestal, mediante cursos de información e formación de carácter práctico.
- D.** Continuación das funcións do grupo de traballo con técnicos do sector que vén funcionando dende o ano 2016, para atallar a recorrencia dos accidentes de traballo, en moitos casos graves e mortais, nas operacións de tala nos montes, e para a proposta e asunción de medidas correctoras e preventivas nos traballos forestais.
- E.** Publicación de documentación técnica en colaboración coas entidades representativas do sector, froito do grupo de traballo do documento da análise das áreas de seguridade no manexo da maquinaria. Continuar coa difusión da ficha de planificación e identificación de riscos do aproveitamento forestal e a ficha de revisión periódica preventiva de maquinaria móbil. Visitas de formación práctica no monte para mellora dos coñecementos específicos do persoal do ISSGA que forma parte do grupo.
- F.** Publicación da colección Os Implanta do ISSGA_Forestal, colección de documentos técnicos sobre PRL cos principais riscos e medidas preventivas na actividade forestal.
- G.** Difundir ao sector, mediante as xornadas que se soliciten, a información recollida nas publicacións Alerta ISSGA_Corte de árbores sentados e Alerta ISSGA_Corte de árbores apoiados, significándose como especialidade a tradución dos documentos ao romanés. Información e formación nas operacións forestais de maior risco e sinistralidade.
- H.** Dar difusión ás publicacións e material audiovisual elaborados recentemente polo Instituto sobre PRL en aproveitamentos forestais. Dar difusión ás App do sector.
- I.** Colaboración pericial na campaña da ITSS en empresas do sector forestal.
- J.** Coordinación coa Axencia Galega de Emerxencias – 112 Galicia para un mellor coñecemento e unha mellor resposta en caso de accidente nos traballos en monte.
- K.** Colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia en accións informativas e formativas en PRL.
- L.** Velar polo cumprimento da normativa de PRL no sector.

5.5.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 f)

5.6. AGRARIO E GANDEIRO

DESCRICIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector agrario e gandeiro, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras. Estas actuacións desenvolveranse na medida do posible en colaboración coa Consellería do Medio Rural e coas organizacións sectoriais representativas do sector.

ACTUACIÓNS

- A.** Colaboración pericial na campaña da Inspección de Traballo e Seguridade Social sobre revisión de maquinaria utilizada neste sector.
- B.** Realizar campañas de sensibilización sobre o manexo seguro de maquinaria agrícola, especialmente en relación co manexo seguro do tractor e a seguridade viaria.
- C.** Difundir material divulgativo elaborado polo ISSGA orientado á fomentar a PRL en mulleres traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación neste sector.
- D.** Difusión ao sector dos documentos técnicos elaborados polo ISSGA durante os últimos anos: explotación de vacún, granxas de polos, uso de grandes máquinas agropecuarias, procesos de maior risco, fitosanitarios, granxas de porcino etc.
- E.** Difundir o material elaborado polo Instituto sobre PRL neste sector, en particular nas actividades relacionadas coa viticultura, nas tarefas de vendima, tratamentos dos viñedos e nos traballos nas adegas.
- F.** Dar a coñecer a documentación elaborada polo Instituto sobre os riscos e as medidas preventivas que se deben adoptar nas granxas de porcino e avícolas.
- G.** Difundir material divulgativo do ISSGA con pautas a seguir en caso de accidente e primeiros auxilios.
- H.** Propiciar unha vixilancia da saúde específica neste sector: guía de vixilancia da saúde no sector agrario elaborada polo subgrupo de vixilancia da saúde no sector agrario da Comisión Nacional de SST.
- I.** Participación no deseño e execución dun Plan de sensibilización de PRL no sector agrario, no marco dos plans de acción da Estratexia Española de SST 2015-2020. Iniciarase co estudo da evolución dos índices de incidencia.
- J.** Colaboración coa Consellería do Medio Rural nos cursos de manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 f)

5.7. PESCA E AFÍNS

DESCRICIÓN

Realizar, en colaboración coa Consellería do Mar e coas organizacións sectoriais representativas do sector, actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector pesqueiro, continuando co desenvolvemento do Programa Vixía e Segumar, específicos para este sector.

ACTUACIÓNS

- A.** Promover a mellora dos hábitos de traballo e fomentar o uso correcto de material, equipos de traballo e equipos de protección individual; e fomentar a adquisición dunha conciencia preventiva.
- B.** Difusión e promoción nas confrarías de pescadores, así como nos servizos de prevención mancomunados do sector, do documento Lembra_Usos de dispositivos de salvamento e supervivencia no sector da pesca.
- C.** Realización dunha campaña para fomentar o uso do chaleco salvavidas a bordo dos buques pesqueiros.
- D.** Realización de visitas a buques pesqueiros ao abeiro dos programas Vixía e Segumar.
- E.** Impulso da adecuada declaración de enfermidades profesionais, especialmente no caso das actividades máis feminizadas como as redeiras e mariscadoras.
- F.** Actividades dirixidas á prevención de riscos na actividade de mergullo profesional.
- G.** Realización de campañas informativas sobre enfermidades profesionais dirixida ás traballadoras do mar e ao regreso ao traballo tras unha baixa de longa duración.
- H.** Colaboración co Instituto Social da Mariña (ISM) en materia de vixilancia da saúde das persoas traballadoras do sector pesqueiro, e propiciar a implantación da guía de vixilancia da saúde para este sector elaborada polos institutos de seguridade e saúde laboral de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.
- I.** Actualización dos documentos Lembra elaborados polo ISSGA que pretenden, dende unha visión técnica precisa, ser un material didáctico e de fácil comprensión, e adaptado aos traballadores deste sector.
- J.** Ampliar as fichas de investigación de accidentes de traballo cos últimos accidentes ocorridos no sector formulando as propostas preventivas e de protección que o podían haber evitado ou minimizado.
- K.** Difusión de documentación técnica especialmente elaborada e deseñada para os sectores de bateas, piscifactorías e extracción de recursos específicos.
- L.** Colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social e o INSST, para a análise de datos de sinistralidade do sector pesqueiro co obxecto de desenvolver actuacións conxuntas e ferramentas de actuación.
- M.** Participar no deseño e execución do Plan Nacional de Sensibilización en SST para o Sector Pesqueiro, acordado no grupo de traballo do sector marítimo pesqueiro da Comisión Nacional de SST (CNSST) do que forma parte o ISSGA, e en caso de ser aprobado tras a súa elevación á CNSST.
- N.** Constitución, xunto con Salvamento Marítimo de Galicia, dun grupo de traballo multidisciplinar para a elaboración dun documento de mínimos sobre os requisitos que, para a posta en conformidade co establecido no Real decreto 1215/1997, deben cumprir os equipos de pesca a bordo das embarcacións.
- O.** Creación dun grupo de traballo para atallar a recorrencia dos accidentes laborais, case sempre mortais, nas actividades de extracción de recursos específicos mediante o emprego de técnicas de mergullo con subministro de aire dende a superficie.
- P.** Participar no grupo de traballo para analizar propostas de prevención neste sector, xunto coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, a Consellería do Mar e as Federacións Provinciais de Confrarías da Coruña, Lugo e Pontevedra.
- Q.** Proxecto PRL en realidade virtual/aumentada no sector da pesca.

5.7.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 f)

5.8. INDUSTRIA

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector da industria, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Incorporar a investigación e o estudo sobre riscos novos e emerxentes nas distintas actividades e procesos do sector industrial, especialmente no relativo á industria 4.0 e á seguridade industrial, en colaboración con entidades representativas do sector. Organizar foros de debate neste ámbito.
- B.** Mellorar as condicións de traballo no sector da industria e fomentar o uso correcto do material, equipos de traballo e equipos de protección individual.
- C.** Industria naval: Prevención de accidentes laborais, en particular na actividade de reparación de buques pesqueiros e no relativo á coordinación de actividades.
- D.** Lousa e granito: Fomentar a PRL nos traballos nas canteiras, co reparto e difusión do material elaborado polo ISSGA, e continuando co programa de recoñecementos médicos aos traballadores post-expostos ao sílice.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: medicina no traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a); e obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 e)

5.9. SERVIZOS

DESCRICIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector servizos, especialmente na hostalería e en grandes superficies de alimentación, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Actuacións para dar a coñecer a Guía para a xestión e avaliación de riscos ergonómicos e psicosociais no sector hoteleiro do INSST, dirixida ao colectivo de camareiras de piso.
- B.** Información sobre estrés laboral e prevención de TME na hostalería.
- C.** Actuacións nos camiños de Santiago, dirixida a empresarios da hostalería tanto para os seus traballadores como aos peregrinos que visiten os establecementos:
 - Campaña de información sobre os riscos para a saúde que poden provocar as altas temperaturas na tempada de verán, incluíndo o golpe de calor. Como saber identificar síntomas de alerta nunha persoa, principais medidas para evitar poñerse en risco e que facer se alguén ten síntomas severos pola calor.
 - Elaboración dunha publicación e realización dunha campaña sobre primeiros auxilios (protocolo PAS, primeiros auxilios básicos, RCP, etc) redactada pola unidade de medicina do traballo do ISSGA, en colaboración.
 - Difusión de cartelería como alerta positiva contra as velutinas, consistente en recomendacións preventivas de actuación.
- D.** Continuar coa difusión do material técnico elaborado sobre PRL en peixarías, carnizarías e chacinarías de grandes superficies e supermercados.
- E.** Mellorar as condicións de traballo do sector servizos e fomentar o uso correcto de material, equipos de traballo e equipos de protección individual.
- F.** Fomentar a adquisición dunha conciencia preventiva no sector.
- G.** Realización de campañas, con elaboración polo ISSGA de material técnico, de prevención do estrés, de seguridade viaria laboral, de prevención de trastornos musculoesqueléticos, e de riscos psicosociais, en relación coa ficha 5.20 relativa aos riscos psicosociais.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

5.10. TRANSPORTES

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector de transportes, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Ter en conta o resultado das accións contidas no II Plan de Acción da Estratexia Española de SST 2015-2020, sobre a análise das condicións de traballo dos condutores profesionais.
- B.** Colaborar coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, no que afecte a este sector.
- C.** Fomentar a adquisición dunha conciencia preventiva no sector.
- D.** Realización dunha campaña de PRL no colectivo de condutores profesionais.
- E.** Elaboración de documentación técnica sobre a PRL no sector de transporte de mercadorías perigosas.
- F.** Actuacións para a prevención de accidentes por consumo de alcohol e drogas.
- G.** Para este sector incluíranse campañas específicas recollidas na ficha 5.1, como faite visible e accións en seguridade viaria e mobilidade sostible.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

5.11. MONTAXE E DESMONTAXE DE EVENTOS E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

DESCRICIÓN

Tras a publicación do criterio técnico para a xestión de montaxes de espectáculos públicos e da Folla de prevención de riscos laborais na montaxe e desmontaxe de escenarios, realizaranse actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para o sector, así como medidas de control e seguimento, sen prexuízo das competencias inspectoras. Actuacións centradas nos riscos máis importantes como o de caída de altura na montaxe e desmontaxe, así como na coordinación de actividades empresariais en eventos.

Presúmese que esta actividade vai a ser relevante con motivo da celebración no 2021 do ano Xacobeo.

ACTUACIÓNS

- A.** Dar difusión ao criterio técnico establecido polas comunidades autónomas e o INSST para a xestión de montaxes de espectáculos públicos e da Folla de prevención de riscos laborais na montaxe e desmontaxe de escenarios elaborada polo ISSGA.
- B.** Promover a mellora da seguridade na montaxe e desmontaxe de escenarios.
- C.** Realización de revisións documentais para observar como teñen organizada a coordinación de actividades empresariais na montaxe de eventos.
- D.** Asesoramento ás empresas en materia de cumprimento das obrigas relacionadas coa prevención de riscos laborais no sector.
- E.** Continuar a colaboración técnica coa Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) para dar apoio na mellora da xestión preventiva e redución da sinistralidade nesta actividade.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlense principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

5.12. SECTORES E EMPRESAS DE MAIOR SINISTRALIDADE

DESCRIPCIÓN

Informar ás empresas e ás persoas traballadoras sobre os riscos laborais específicos da súa actividade e das medidas preventivas aplicables a través de visitas “in situ” do persoal técnico do Instituto, da achega de documentación técnica elaborada polo Instituto ou da elaboración e difusión de nova documentación, ou pola realización de campañas sectoriais informativas e de sensibilización.

Estas actuacións diríxense a sectores, actividades empresariais e colectivos que presentan maior risco, ou que presentan un maior índice de incidencia na sinistralidade laboral. Actuarase con especial atención nas pequenas e medianas empresas, en programas de prevención de riscos e promoción da SST.

Elevarase á autoridade laboral para que se formule proposta dunha especial participación do persoal técnico habilitado do Instituto nestas actuacións que concentran os maiores índices de sinistralidade en Galicia.

ACTUACIÓNS

- A.** Análise dos datos de sinistralidade laboral do ano 2020 para localizar os sectores, as actividades empresariais e as empresas nas que tivo máis incidencia a sinistralidade laboral.
- B.** Desenvolvemento de programas sectoriais de redución da sinistralidade nos sectores, actividades empresariais e empresas que concentren maior sinistralidade.
- C.** Coordinación coa ITSS no desenvolvemento da súa campaña nas empresas de maior sinistralidade.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Áreas técnicas: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

5.13. REALIZACIÓN DE PROPOSTAS DO GRUPO TÉCNICO DE TRABALLO SOBRE SINISTRALIDADE LABORAL

DESCRIPCIÓN

Creado o Grupo técnico de traballo sobre sinistralidade laboral na reunión do CGSSL do 10 de novembro de 2020 e segundo a ficha 2.5 na que se indica que unha das actuacións é formular propostas e o deseño para a súa implantación e execución, cando se derive algunha proposta do grupo que teña que ser realizada polo ISSGA, de forma íntegra ou conxuntamente con outros, incluírase no plan de actividades 2021.

ACTUACIÓNS

- A. Realización de informes e tratamento estatístico dos datos de sinistralidade.
- B. Elaboración técnica, deseño e execución de campañas de sensibilización.
- C. Difusión das actividades realizadas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

O impulso do grupo corresponde ao ISSGA. Datos e tratamento estatístico na área de seguridade. Traballo de todos os integrantes do grupo e supervisión do CGSSL.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.2, medida 4.2 b); obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 a); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 d); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 e)

5.14. COORDINACIÓN PARA A ANÁLISE E PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS PARA A RETIRADA DE AMIANTO

DESCRIPCIÓN

Os materiais con amianto instalados antes do 2002 están chegando ao final da súa vida útil e é obrigada a súa eliminación. Na actualidade e en vindeiros anos a cantidade de materiais que será necesario retirar, polo seu estado de deterioro, seguirá aumentando.

Polo anterior, resulta necesario xestionar, retirar e eliminar de forma segura, ordenada e planificada unha cantidade considerable de materiais con amianto. Isto precisa dunha actuación conxunta e coordinada de diferentes departamentos de administracións públicas e da colaboración dos axentes sociais implicados.

Todo isto leva unha problemática de riscos para os traballadores e o medio ambiente que, sen dúbida, precisan dun apoio cunha visión integral desta problemática.

ACTUACIÓNS

- A.** Campañas de información, asesoramento técnico e formación a todos os implicados en traballos onde pode haber amianto. En concreto, o ISSGA no 2021 difundirá o “Alerta ISSGA, pode haber amianto”, así como a campaña de información para as empresas de saneamento e abastecemento de augas e para as comunidades de propietarios.
- B.** Asesorar tecnicamente tanto no desenvolvemento lexislativo como na coordinación institucional e cos axentes sociais que se deriven.
- C.** Creación dunha comisión de coordinación formada por persoal técnico cualificado das distintas consellerías implicadas, especialmente as vinculadas á saúde pública e laboral, medio ambiente e vivenda, para a análise da situación sobre a xestión dos traballos con amianto, a retirada e renovación de cubertas e a xestión do residuo.
- D.** Proposta de liñas de axudas públicas para a renovación de cubertas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial, seguridade no traballo e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a) da estratexia; e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b)

5.15. TRABALLOS CON RISCO POR AMIANTO. PROGRAMA INTEGRAL “ALERTA_PODE HABER AMIANTO”

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de comprobación, información e sensibilización específicas nos traballos con risco por amianto con material técnico e para difusión elaborado polo ISSGA.

Por outra banda, en virtude da encomenda de xestión existente, desenvolver as actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables ao traballo con risco de exposición ao amianto.

ACTUACIÓNS

A. Respecto das actividades de promoción e comprobación dos traballos con risco de amianto:

- a. Accións de información dirixidas a empresas de saneamento e abastecemento de augas e comunidades de veciños dos puntos: responsabilidades sobre a xestión dos materiais con amianto, prácticas desaconselladas como a dobraxe de cubertas, necesidade de xestionar e retirar debidamente todo o amianto instalado (non só as cubertas e placas de fachada)
- b. Facilitar o cumprimento das obrigas de protección das persoas traballadoras expostas ao amianto, especialmente nas empresas de saneamento e abastecemento de augas e nas comunidades de propietarios.
- c. Prestar a información e o asesoramento técnico necesarios para o cumprimento do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto (trámites administrativos, avaliación dos riscos, medidas de prevención e protección da saúde, etc.)
- d. Comprobar “in situ”, para determinados plans aprobados, o cumprimento das medidas preventivas previstas, coa intervención do persoal técnico habilitado cando sexa necesario.
- e. Verificar a calidade da información contida nas fichas de avaliación da exposición, comprobando a inclusión en ditas fichas de todas as persoas traballadoras expostas, asesorando, de ser preciso, á empresa ou ao seu servizo de prevención.
- f. Formación en materia de amianto dos traballadores implicados nos traballos con risco por amianto. Establecer contido mínimo e duración da formación en materia de amianto seguindo as directrices do INSST. Potenciar a formación en amianto de traballadores da construción e outros susceptibles de atopar materiais con amianto.
- g. Participación como asesores no grupo de traballo recollido no convenio de colaboración coa autoridade sanitaria para a realización de actuacións conxuntas en relación cos traballadores afectados de patoloxías derivadas da utilización laboral do amianto.

B. Programa integral “Alerta_pode haber amianto”

- a. Promoción e difusión do documento técnico elaborado polo ISSGA mediante unha campaña destinada a administracións, a profesionais autónomos e empresarios e traballadores en xeral. Talleres prácticos dirixidos a persoal de mantemento de edificios ou instalacións das distintas administracións, e outros colectivos interesados, para posible identificación de amianto en pequenas obras de reparación, mantemento, rehabilitación ou similares, dirixidos ás administracións locais.

5.15.

- b. Continuar coa difusión do material elaborado polo ISSGA para potenciar a formación e sensibilización na identificación dos materiais con amianto instalados para favorecer o cumprimento da normativa de amianto nas obras de mantemento e demolición, así como a profesionais que poidan estar máis afectados por exposicións ocasionais a amianto, informándoos sobre a identificación de posibles materiais con amianto e do xeito correcto de actuar para evitar posibles exposicións. Material esencialmente fotográfico e de fácil comprensión onde se represente a realidade das situacións nas que se pode atopar o traballador (fontanería, electricidade, albanelería etc.)

C. En relación á xestión do RERA e dos plans de traballo con risco por amianto:

- a. Recepción e tramitación das solicitudes de inscrición e modificación de datos e baixa no RERA, práctica dos asentos neste rexistro e das comunicacións que sexa preciso realizar en relación ás ditas inscricións, modificacións ou baixas.
- b. Recepción de plans de traballo de amianto para a súa aprobación, e xestión dos trámites a seguir ata a súa resolución, incluíndo a solicitude do informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, os requirimentos e comunicacións de diferente índole que se deban realizar aos interesados e as notificacións das resolucións ditadas pola autoridade laboral.
- c. Arquivo de plans de traballo aprobados e das fichas para o rexistro de datos da avaliación da exposición así como o envío a outros órganos das resolucións aprobatorias dos plans e das fichas para o rexistro de datos da avaliación da exposición.
- d. Elevación á autoridade laboral da proposta para que resolva a aprobación ou denegación das inscricións e, se é o caso, os plans de traballo.
- e. Fixación de criterios para a formación mínima esixible en materia de amianto, tanto na duración como no contido, dos traballadores implicados nos traballos con risco por amianto, de acordo coas directrices do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST)
- f. Mellora da calidade da información contida nas fichas de avaliación da exposición: revisión da información contida e comunicación correcta unha vez finalizados os traballos. Asesoramento, de ser preciso, ao servizo de prevención sobre a avaliación do risco e realización de medicións nos traballos.
- g. Asesoramento ás empresas sobre a tramitación electrónica destes procedementos habilitados na sede electrónica da Xunta de Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial, seguridade no traballo e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a) da estratexia; e obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b); obxectivo 5, liña 5.3, medida 5.3 d); co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 b) da estratexia; e obxectivo 6, liña 6.2, medida 6.2 d)

5.16. TRABALLOS CON RISCO DE EXPOSICIÓN A PO DE SÍLICE

DESCRIPCIÓN

Realizar actuacións de comprobación, información e sensibilización específicas nos traballos con risco de exposición a po de sílice en todas as actividades nas que é elevado este risco: lousa, granito, construción, aglomerados de cuarzo, etc.

ACTUACIÓNS

Desenvolvemento das seguintes actuacións, cuxo deseño e execución de cada unha delas realizarase en colaboración cos interlocutores sociais, representantes sindicais e empresariais axeitados para cada unha delas:

- A.** Campaña coa ITSS de promoción e información nas actividades nas que sexa elevado o risco de exposición a po de sílice, dirixida ao seguimento das actuacións de asesoramento prestado polos servizos de prevención.
- B.** Sen prexuízo da colaboración cos órganos técnicos das autoridades sanitaria e mineira, as áreas técnicas de seguridade, hixiene e medicina do ISSGA realizarán de xeito coordinado as súas actuacións relativas ao tratamento de datos, investigación e accións de sensibilización, promoción e comprobación en actividades con elevada exposición a este risco.
- C.** Dar continuidade ao programa de recoñecementos médicos de traballadores postexpostos ao po de sílice.
- D.** Propor ao Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral concretar o mandato ao Grupo de traballo relativo á silicose ou, de xeito máis amplo, aos traballos con risco a exposición a po de sílice. Neste grupo participan persoal técnico do ISSGA, das autoridades sanitaria e mineira e dos interlocutores sociais.
- E.** Seguimento da determinación dos valores límite de exposición e dos aspectos técnicos de hixiene industrial, vixilancia da saúde e xestión documental como consecuencia da próxima entrada en vigor da modificación do RD 665/1997 de axentes canceríxenos.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.3, medida 5.3 d); e co obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b)

5.17. TRABALLOS CON NANOMATERIAIS

DESCRICIÓN

Os nanomateriais son partículas diminutas, invisibles para o ollo humano. Con todo, atópanse presentes na nosa vida diaria en produtos ordinarios como os alimentos, os cosméticos, os dispositivos electrónicos e os medicamentos. Aínda que presentan numerosas propiedades beneficiosas, existen grandes lagoas no noso coñecemento dos riscos que comportan para a saúde. Por tanto, deben adoptarse precaucións especiais na xestión destes materiais mentres avanza a investigación respecto diso.

O uso dos nanomateriais na investigación, desenvolvemento e innovación está cada vez máis xeneralizado e polo tanto o persoal investigador e técnico que pode estar exposto aos riscos derivados da súa manipulación tamén vai en aumento.

ACTUACIÓNS

A. Dar conta dos resultados da colaboración co INSST. O ISSGA desenvolveu en Galicia unha serie de enquisas presenciais en empresas relacionadas coa innovación sobre o uso de nanomateriais, e aportou datos para un estudo e análise de resultados para unha análise global no conxunto do estado. Isto supón o desenvolvemento das seguintes actividades:

- Busca das entidades nas que realizar as enquisas
- Contacto técnico coas entidades e preparación das entrevistas
- Realización in situ das enquisas por persoal técnico especializado
- Envío das enquisas ao INSST e resolución de incidencias
- Análise dos datos do estudo

B. Colaboración con universidades e entidades participantes no programa do apartado anterior (centros singulares de investigación, centros tecnolóxicos, etc.) para impartir xornadas técnicas sobre manipulación segura.

C. Grupo de traballo para formación dos técnicos do ISSGA e outras entidades interesadas nesta formación.

D. Elaboración dun documento técnico e elaboración de material para unha campaña sobre a manipulación segura de nanomateriais.

E. Realización dun webinar sobre os riscos e as medidas preventivas para os traballos cos nanomateriais dirixidas especialmente a técnicos de prevención e a organizacións sindicais e empresariais.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 i)

5.18. RADON NO ÁMBITO LABORAL

DESCRICIÓN

O Real decreto 783/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, indica que nas actividades laborais que se desenvolven en áreas identificadas polos seus elevados valores de radon deben realizarse os estudos necesarios a fin de determinar se existe un incremento significativo da exposición dos traballadores ou dos membros do público que non poidan considerarse desprezables dende o punto de vista da protección radiolóxica. Estes estudos deben realizarse seguindo as instrucións e orientacións dadas polo Consello de Seguridade Nuclear.

No caso de que se superen os niveis que se consideran aceptables deberanse aplicar medidas remedio, se estas medidas non conseguen reducir o radon a niveis aceptables deberanse aplicar diferentes medidas como poden ser a vixilancia radiolóxica do ambiente de traballo, información aos traballadores e, nos niveis máis elevados aplicar con carácter xeral os principios de protección radiolóxica operacional descritos na normativa.

Co desenvolvemento desta actuación preténdese identificar este risco para poder eliminalo ou controlalo axeitadamente, incluíndo a vixilancia da saúde específica se fose necesario.

ACTUACIÓNS

- A.** No ano 2021 continuarase co estudo e de ser o caso coa execución das medidas remedio no centro de traballo do ISSGA da Coruña. En anos anteriores realizáronse xornadas técnicas prácticas e medicións de radon nos catro centros provinciais do ISSGA. As xornadas foron dirixidas a persoal técnico do ISSGA e dos servizos de prevención propios da Xunta de Galicia, así como ao persoal técnico do departamento competente en materia de industria e minas, dos servizos de prevención, e das organizacións sindicais e empresariais.
- B.** Campaña, en colaboración coa Consellería de Sanidade, destinada a que os servizos de prevención contemplan o risco de exposición a radon cando sexa identificado, levando a cabo en consecuencia a vixilancia da saúde específica necesaria. O alcance e contidos da devandita campaña serán sometidos á consideración do órgano colexiado de goberno do ISSGA.
- C.** Programa de información e sensibilización sobre as obrigas nos centros de traballo por posible exposición a gas radon. No 2021 realizarase un webinar sobre esta temática.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: hixiene industrial e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.3, medidas 5.3 e) e 5.3 g)

5.19. RISCOS ERGONÓMICOS. PREVENCIÓN DOS TME

DESCRIPCIÓN

No ámbito laboral, os TME son unha das enfermidades máis frecuentes e supoñen un importante problema de saúde, tanto polo custo na calidade de vida das persoas como polo custo económico e social que supón para as organizacións.

Estímase que en Europa uns 40 millóns de traballadores padecen TME causados polo traballo. En Galicia máis dunha terceira parte dos accidentes de traballo en xornada laboral débense a sobreesforzos e ao redor dun 70% das enfermidades profesionais comunicadas son lesións de tipo musculoesquelético, porcentaxes que resultan tamén do mapa de risco ergonómico.

ACTUACIÓNS

- A.** Campaña europea 2020-2022 da Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo sobre “Traballo saudable: relaxemos as cargas” para promover o coñecemento sobre os TME relacionados co traballo e impulsar a prevención dos factores de risco que os causan. Actuacións que se deriven da participación e execución desta campaña.
- B.** Priorización de actuacións a realizar polo ISSGA, en base ás conclusións do Mapa de riscos ergonómicos de Galicia. Incluír na investigación das enfermidades profesionais os TME, en relación coa ficha 3.2 deste plan.
- C.** Elaboración de documentación técnica sobre prevención de TME no traballo en salóns de peiteado.
- D.** Prestar asesoramento e asistencia técnica na correcta xestión do risco ergonómico asociado a carga física nas empresas de maior sinistralidade por sobreesforzos.
- E.** Colaboración no deseño e implantación dun Plan de actuación para a redución dos TME e a análise sistemática da sinistralidade que deriva dos TME, co fin de detectar actividades prioritarias de intervención en función da sinistralidade e poboación en risco. Todo isto no marco dos plans de acción da Estratexia Española de SST 2015-2020.
- F.** Elaboración dun documento de sensibilización sobre prevención de TME no sector servizos e tamén no colectivo de traballadores autónomos.
- G.** Realización de campañas específicas de prevención de TME na actividade da hostalaría e difusión da guía do INSST dirixida ao colectivo de camareiras de piso.
- H.** Actuacións dirixidas a prever riscos pola utilización de dispositivos móbiles, e introdución en riscos novos e emerxentes derivados da utilización de novas tecnoloxías, para determinar os riscos na saúde e propoñer medidas preventivas e correctoras.
- I.** Organización dunha campaña para a prevención dos TME no sector da automoción mediante a realización dunha xornada para o sector na que se presente o Estudo biomecánico no sector da automoción elaborado polo ISSGA e outra información de estudos de risco ergonómico en Galicia.
- J.** Impulso da colaboración co Cluster Galego de Automoción e as organizacións sindicais representativas do sector para a elaboración dun plan específico de actuación destinado á prevención dos riscos ergonómicos nas cadeas de montaxe de fabricación de vehículos a motor e a deseñar accións de seguimento e control de medidas preventivas fronte o risco ergonómico.

5.19.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 d); e obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 j)

5.20. RISCOS PSICOSOCIAIS

DESCRICIÓN

Promover actuacións de estudo, análise e identificación dos factores psicosociais e as súas consecuencias.

ACTUACIÓNS

- A.** Colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nun programa de intervención ante o estrés laboral para a súa incorporación como formación básica en talleres de intervención e a elaboración técnica.
- B.** Realizar accións de formación interna ao persoal do ISSGA sobre métodos de identificación do risco psicosocial co fin de afondar os vindeiros anos nas actuacións do Instituto nestes riscos.
- C.** Elaboración de documentación técnica sobre tecnoestrés.
- D.** Realizar accións formativas propias e colaborar con outras entidades, entre outros co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co obxecto de previr os riscos psicosociais.
- E.** Sensibilización e promoción mediante difusión dos documentos Estrés laboral no emprego autónomo e Adeus estrés.
- F.** Inclusión na Escola Galega de Prevención dun apartado específico para os nenos e nenas sobre acoso escolar e laboral, tanto no propio espazo físico da escola, como con desprazamentos para charlas en colexios, por parte de técnicos do Instituto.
- G.** Protocolo ante un caso de acoso laboral na administración galega, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero da Xunta de Galicia.
- H.** Difusión da guía para a xestión e avaliación de riscos ergonómicos e psicosociais no sector hoteleiro do INSST dirixida ao colectivo de camareiras de piso.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: ergonomía e psicocioloxía aplicada e medicina no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a); obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 d); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 e), obxectivo 1, liña 1.4, medida 1.4 c); obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 g)

5.21. SEGURIDADE VIARIA LABORAL

DESCRIPCIÓN

Concienciar e sensibilizar ás persoas traballadoras sobre a incidencia dos accidentes de tráfico laborais, especialmente sobre os accidentes “en misión”, establecendo mecanismos de información axeitados, con motivo do crecente e importante peso dos accidentes de tráfico na sinistralidade laboral en Galicia e especialmente nos accidentes mortais.

ACTUACIÓNS

- A.** Ter en conta o resultado das accións contidas no II Plan de Acción da Estratexia Española de SST 2015-2020, sobre a análise sistemática anual da sinistralidade viaria laboral, en colaboración coa DGT, co fin de detectar colectivos vulnerables, e o deseño e implementación dun plan de actuación para minimizar o impacto dun accidente de tráfico sobre a sinistralidade laboral.
- B.** Realización de xornadas prácticas de información e concienciación sobre os accidentes de tráfico, con asociacións e entidades representativas neste eido. Campañas para motoristas de reparto a domicilio, tractor, e condutores profesionais.
- C.** Análise dos índices de incidencia de accidentes de traballo no sector agrario, no marco dos sucesivos plans de acción da Estratexia Española de SST 2015-2020, para elaborar un Plan de sensibilización de PRL neste sector.
- D.** Asesoramento ás empresas da Comunidade Autónoma de Galicia sobre os accidentes de tráfico laborais.
- E.** Colaborar coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020.
- F.** Realizar accións en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico e a Garda Civil de Tráfico en temas relacionados coa seguridade e saúde laboral e a seguridade viaria. En particular, desenvolverase unha campaña de sensibilización promovendo o uso seguro do tractor e a seguridade viaria.
- G.** Realización xunto coa Dirección Xeral de Tráfico e Garda Civil de Tráfico do deseño dunha campaña de PRL destinada a condutores profesionais que contemple os riscos coñecidos e os riscos novos e emerxentes, con especial atención aos riscos producidos por falta de atención, fatiga e estrés.
- H.** Desenvolver actuacións no marco da Escola Galega de PRL e distribución da Guía de Seguridade Viaria orientada a escolares. Explicación dos riscos de tráfico e perigos na rúa, a realizar tanto na escola como nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- I.** Ter en conta o resultado das accións contidas nos sucesivos Plans de Acción da Estratexia Española de SST 2015-2020, sobre a análise das condicións de traballo dos condutores profesionais.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 a)

5.22. PROMOCIÓN DA SAÚDE PARA EVITAR RISCOS E ACCIDENTES NON TRAUMÁTICOS

DESCRIPCIÓN

As empresas que fomentan a saúde e o benestar dos seus traballadores e traballadoras máis alá do cumprimento das súas obrigas en PRL son empresas cuxo éxito e sustentabilidade é maior. A acreditación como empresa segura, saudable e sustentable está intimamente relacionada co modelo de promoción da saúde definido pola Rede Europea de Promoción da Saúde no Traballo (ENWHP) e plasmado na Declaración de Luxemburgo que define a promoción da saúde no traballo (PST) como “xuntar os esforzos dos empresarios, os traballadores e a sociedade para mellorar a saúde e o benestar das persoas no lugar de traballo”.

O ISSGA participa no Comité de acreditación, que está composto por varios representantes das administracións públicas españolas, promovido polo INSST para a acreditación como “Empresa Segura, Saudable e Sustentable”.

As patoloxías non traumáticas teñen un peso importante na sinistralidade, supoñendo unha porcentaxe elevada, ao redor do 33%, dos accidentes de traballo mortais. Os condutores profesionais son uns dos colectivos que se ven afectados en gran medida por este tipo de accidentes de traballo, polo que, considérase necesario impulsar accións de promoción da saúde destinadas a este e a outros colectivos.

ACTUACIÓNS

- A.** Difundir e concienciar nas empresas galegas sobre importancia da promoción da saúde no traballo tendo en conta que calquera empresa ou organización, con independencia do seu tamaño, titularidade ou sector, pode solicitar a súa adhesión e manifestar o seu compromiso coa Declaración de Luxemburgo. Pero, se está a facer intervencións de promoción da saúde e benestar dos seus traballadores e cumpre cos criterios de calidade, pode solicitar o recoñecemento de boa práctica en promoción da saúde no traballo.
- B.** Asesorar e difundir información das guías de boas prácticas en promoción da saúde nas empresas galegas.
- C.** Identificar e actuar sobre colectivos con especial incidencia na sinistralidade, e especialmente na mortal, dos accidentes non traumáticos. Promover accións xenéricas cara a unha mellora do ambiente laboral e que repercuta na adquisición de hábitos saudables, como por exemplo, campañas destinadas a condutores profesionais e campañas dirixidas á redución do estrés.

UNIDADE/S RESPONSABLE/S

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 6, liña 6.5, medida 6.5 a); e obxectivo 3, liña 3.4, medida 3.4 b)

5.23. RISCOS EMERXENTES

DESCRICIÓN

O escenario actual é tremendamente complexo: dinámico, cambiante, transversal, con continuas novidades técnicas e normativas. A introdución de novas tecnoloxías, substancias e procesos de traballo, os cambios na estrutura da poboación activa e no mercado laboral, e as novas formas de emprego e organización do traballo, poden dar lugar a novos riscos, que é necesario prever e abordar para garantir a seguridade e saúde dos traballadores/as.

E nun futuro cada vez máis globalizado, cabe ter como referentes en PRL os obxectivos de desenvolvemento sustentable, que expresamente aluden á saúde e ao benestar (vida sa e promover o benestar das persoas), traballo decente (empregos estables, ben remunerados e seguros) e crecemento económico, e outros tan decisivos como a igualdade de xénero, industria e innovación, produción e consumo responsable, para lograr esa economía circular e, en definitiva, un mundo con xustiza social e sostible.

ACTUACIÓNS

A. Identificar e estudar os novos riscos para a seguridade e saúde no traballo e realizar accións de difusión en temáticas como poden ser:

- Teletraballo.
- Interacción dos traballadores/as cos robots colaborativos.
- Uso de TICs e tecnoestrés. Desconexión dixital.
- Envellecemento da poboación traballadora e convivencia interxeracional.
- Aparición de riscos psicosociais polas novas formas de traballo.
- Enfermidades profesionais do futuro.

B. Accións de análise da vinculación da SST aos obxectivos de desenvolvemento sostibles.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 i)

5.24. PERSOAS TRABALLADORAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

DESCRICIÓN

Promover a SST de colectivos específicos como traballadores menores de idade, traballadores de idade avanzada, mulleres embarazadas, en período de lactación ou en situación de parto recente, persoas que poidan estar expostas a riscos para a reprodución, persoas con discapacidade, traballadores con pouca experiencia laboral, traballadores temporais, etc., así como con outros traballadores que teñan a condición de especialmente sensibles.

ACTUACIÓNS

- A.** Difundir material divulgativo elaborado polo ISSGA orientado a fomentar a PRL en mulleres traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación.
- B.** Asesoramento ás empresas en materia de cumprimento das obrigas relacionadas cos postos de traballo das mulleres durante os períodos de embarazo e lactación.
- C.** Desenvolver accións informativas en materia de seguridade e saúde laboral orientadas ás persoas traballadoras con idade avanzada, para atallar a realidade do envellecemento da poboación traballadora galega.
- D.** Realizar colaboracións que se demanden ao ISSGA por asociacións de persoas con discapacidade para facilitar a súa participación nas accións formativas deste Instituto e dentro da Estratexia Galega de Discapacidade 2015-2020.
- E.** Participación no deseño e execución dun Plan de actuación dirixido a mellorar a SST de colectivos de traballadores específicos, como xente moza, temporais, traballadores de idade avanzada e mulleres, no marco dos plans de acción da Estratexia Española de SST 2015-2020.
- F.** Realización de campañas específicas en PRL dirixidas aos centros especiais de emprego dependentes de asociacións sen ánimo de lucro, en función da súa actividade en concreto: xardinería, recollida de papel, artes gráficas, xestión de residuos, etc. Tendo en conta que, como mínimo, o 70% do seu cadro de persoal estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se computen para estes efectos o persoal dedicado á prestación dos servizos de axuste persoal e social.
- G.** Accións de sensibilización ao tecido empresarial galego respecto ao retorno ao traballo de traballadoras que sufriran cancro de mama.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 d); obxectivo 5, liña 5.1, medidas 5.1 b) e 5.1 i)

5.25. SECTORES E ACTIVIDADES ECONÓMICAS FEMINIZADOS OU CON ALTA PRESENZA DE MULLERES

DESCRICIÓN

En Galicia hai sectores e actividades económicas que teñen a característica de estar feminizados ou contar cunha alta presenza de mulleres.

Estes sectores e actividades económicas requiren da promoción e desenvolvemento de actuacións específicas para a integración da PRL.

ACTUACIÓNS

- A.** Contribuír, na medida do posible, á integración da igualdade nas políticas de prevención e na xestión dos centros de traballo dos sectores e actividades económicas feminizados ou con alta presenza de mulleres.
- B.** Realización de escolas de saúde laboral para redeiras, mariscadoras e percebeiras, e outras traballadoras do mar. Revisión dos protocolos a utilizar para cada actividade, realización dos recoñecementos médicos individuais. Se é posible obter unha mostra suficiente, facer un estudo colectivo e impartir formación e información a través dunha escola de boas prácticas que dea resposta ás necesidades detectadas.
- C.** Dar continuidade a estudos de saúde laboral realizados en anos anteriores e que precisan, para xerar coñecemento, ser realizados cunha determinada periodicidade.
- D.** Programa de prevención do risco químico e TME en salóns de peiteado, coas seguintes actuacións:
 - Difundir no sector o material da campaña sobre risco químico en salóns de peiteado.
 - Fomentar as prácticas de traballo seguras, especialmente no relativo á identificación e prevención do risco químico e de TME.
 - Nesta campaña buscarase a colaboración das asociacións e entidades representativas do sector.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 d)

5.26. PROTECCIÓN DA MATERNIDADE NO ÁMBITO LABORAL

DESCRIPCIÓN

O artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, refírese á protección da maternidade no ámbito laboral.

ACTUACIÓNS

- A.** Campaña informativa sobre a protección da maternidade no ámbito laboral. Nela recordarase ás empresas as súas obrigas ao respecto: avaliación de riscos laborais inicial e avaliacións adicionais, planificación da actividade preventiva, listado de postos exentos de riscos, adaptación do posto de traballo, cambio de posto, suspensión do contrato, etc.) A campaña realizarase en soporte papel (coa distribución nas empresas galegas dun tríptico informativo), páxina web e redes sociais do ISSGA (Twitter e Facebook)
- B.** Campaña de asesoramento técnico, con visitas a empresas para comprobar posibles incumprimentos do disposto na lei de PRL respecto á protección da reprodución (artigo 25) e da maternidade (artigo 26)
Ao finalizar a campaña elaborárase un informe onde se expoñan as conclusións da mesma.
- C.** Novas actuacións que faciliten o cumprimento das obrigas neste eido no marco da EGSST 2017-2020, e noutras estratexias ou plans concordantes como a Estratexia de RSE, o Plan Emprega en Feminino, o Plan Galego de Igualdade, o Plan Galego de Política Familiar, etc. Estas accións poden realizarse en colaboración con outros órganos ou unidades administrativas, como é o caso da Secretaría Xeral da Igualdade.
- D.** Contemplar en todos os documentos técnicos elaborados polo ISSGA as situacións de embarazo, parto recente e lactación.
- E.** Asesoramento técnico e seguimento sobre o cumprimento do artigo 26 da lei de PRL.
- F.** Actuacións no marco da Comisión para a Integración da Igualdade en Políticas de PRL, segundo o indicado na ficha correspondente deste plan.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 d)

5.27. PERSOAL COIDADOR DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR

DESCRICIÓN

O colectivo de persoas traballadoras de atención directa a persoas con dependencia presenta unha serie de peculiaridades que fai preciso establecer un programa específico de PRL para o mesmo, especialmente no referido á prevención de trastornos musculoesqueléticos (TME)

A actividade de axuda no fogar a persoas dependentes ten unha serie de características, como desenvolverse principalmente por mulleres e realizarse no domicilio particular da propia persoa a coidar. Cómpre aplicar actuacións específicas co fin de promover, fomentar e mellorar as condicións de seguridade e saúde laboral destas traballadoras.

ACTUACIÓNS

- A.** Elaboración e distribución de documentación técnica coas principais medidas preventivas para evitar accidentes de traballo e enfermidades profesionais producidas por TME neste colectivo.
- B.** Realización, con distribución de cartelería, dunha campaña de sensibilización para a prevención de TME no colectivo, incidindo entre outros nos riscos por manipulación manual de cargas e posturas forzadas, e información sobre as axudas técnicas existentes.
- C.** Análise da sinistralidade na actividade de asistencia en establecementos residenciais, cos datos publicados polo INSST.
- D.** Campaña de información e sensibilización sobre os riscos biolóxicos e riscos psicosociais que poden afectar a este colectivo.
- E.** Actividades para a promoción dunha formación en PRL axeitada a estes postos de traballo.
- F.** Campañas e actividades de información e divulgación a traballadoras e traballadores de atención a persoas dependentes no seu fogar.
- G.** Co obxecto da detección precoz das patoloxías de orixe laboral, e en especial as relacionadas cos TME, impulsar a realización dun estudo epidemiolóxico sempre que se atope unha mostra suficiente e axeitada para ese estudo de saúde.
- H.** Fomentar o asesoramento técnico, as boas prácticas e a implantación de medidas preventivas eficaces para facer prevención e evitar danos para a saúde.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 d); obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 i), e obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 l)

5.28. PROMOCIÓN DA PRL NAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS

DESCRICIÓN

Na economía de Galicia, algúns sectores de tradición e peso, como a actividade agrícola, a pesca e o pequeno comercio, susténtanse fundamentalmente na actividade de traballadores autónomos. En moitos casos, este colectivo está claramente feminizado.

A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo, dedica o seu artigo 8 á PRL, recalcando o papel activo que as Administracións Públicas competentes deben de asumir en relación coa PRL destes traballadores.

En consonancia, o ISSGA ven desenvolvendo actuacións específicas de mellora da integración da PRL nos traballadores autónomos, fundamentalmente con accións de formación nos sectores arriba citados.

Asemade, esta actividade de formación e sensibilización complementábase coa oferta da realización da vixilancia da saúde a este colectivo.

ACTUACIÓNS

- A.** Presencia do ISSGA na Mesa do Autónomo en Galicia, que está presidida pola Secretaria Xeral de Emprego e na que están presentes as principais asociacións deste colectivo.
- B.** Dar a coñecer as funcións que desenvolve o ISSGA e o presente plan de actividades, ás asociacións presentes na Mesa do Autónomo en Galicia.
- C.** Desenvolver durante o ano 2021 as actuacións propostas polas asociacións presentes na Mesa do Autónomo en Galicia e acordadas no seu seo, en función da priorización e disposición de medios do Instituto, especialmente dirixidas ao servizo público Prevención 10, á incorporación dun curso en liña que habilite para as funcións de nivel básico en PRL dirixido ao colectivo de traballadores autónomos, axuda e asesoramento técnico respecto á posición dos traballadores autónomos na normativa de PRL; e prestar asesoramento técnico, participación, formación e información cando se demande a presenza do ISSGA.
- D.** Realización de recoñecementos médicos específicos da actividade realizada, co consecuente protocolo de revisión médica pola incidencia que poidan ter nos danos para a saúde, e emisión de informe médico individualizado.
- E.** Elaboración e publicación de estudos epidemiolóxicos, cando a mostra sexa suficientemente relevante.
- F.** Desenvolvemento, utilizando como canle para chegar aos traballadores autónomos as asociacións presentes na Mesa do Autónomo de Galicia, de campañas en determinadas actividades ou por riscos específicos, e para colectivos de traballadores sensibles.
- G.** Actuacións de asesoramento técnico e realización de xornadas técnicas específicas.
- H.** Participación en congresos, feiras e exposicións específicas de traballadores autónomos, ou de sectores e actividades empresariais con alto índice de autónomos, cunha caseta informativa onde se distribúe documentación técnica elaborada polo instituto e se imparten obradoiros específicos.
- I.** Fomento entre os traballadores autónomos do servizo público Prevención.10 e da ferramenta para os autónomos Autopreven-t.
- J.** Participación do ISSGA no Grupo de Traballo de Autónomos da Comisión Nacional de SST.

5.28.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 b); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 b); obxectivo 3, liña 3.2, medida 3.2 a); obxectivo 3, liña 3.4, medida 3.4 d); obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 c); obxectivo 6, liña 6.4, medida 6.4 c); e obxectivo 6, liña 6.6, medida 6.6 b)



EIXE 6

FORMACIÓN E INFORMACIÓN TÉCNICA

Esta área constitúe unha actividade permanente do ISSGA, que en formación e información, e sinaladamente nas xornadas técnicas, ten acadado un nivel recoñecido de calidade técnica e científica que cómpre manter e impulsar.

Destacar a formación dos cursos que habilitan para o exercicio das funcións de nivel básico en PRL, tanto presenciais como en liña, e aos que por quinto ano se oferta unha modalidade específica para o emprego autónomo; cómpre destacar que se prioriza no acceso aos cursos en liña aos delegados/as de prevención e persoal traballador designados e empresariado que asume persoalmente a prevención na súa empresa.

Destacan tamén obradoiros e cursos eminentemente prácticos en SST que se ofertan a diferentes perfiles de persoal traballador, por actividades, por riscos e por sinistralidade, insistindo na integración da PRL no seu traballo diario.

Nestes últimos anos o ISSGA elabora unha serie de publicacións técnicas para distintos colectivos aos que pretende chegar, implicándoos como protagonistas deste material a prol da sensibilización, tendo moi en conta a calidade técnica e a función de promoción da PRL.

Este eixe recolle actuacións dirixidas a poboación en idade escolar cunha ferramenta como a Escola galega de prevención e a sensibilización e aprendizaxe na formación profesional. Asemade, destaca a relación coas universidades e a participación institucional.

Intégranse neste eixe 7 fichas de actividade:

6.1. Oferta formativa	79
6.2. Publicacións e alertas ISSGA	81
6.3. Escola Galega de Prevención	82
6.4. Aula de prevención de risco eléctrico	83
6.5. Sensibilización e aprendizaxe na formación profesional	84
6.6. Participación institucional. Xeración de conciencia preventiva	85
6.7. Colaboración con universidades. Rotación MIR e EIR e prácticas académicas externas dos mestrados de PRL	86

6.1. OFERTA FORMATIVA

DESCRIPCIÓN

Na oferta formativa anual do ISSGA englobanse as xornadas técnicas, os cursos que habilitan para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en PRL e outro tipo de formación destinada a persoal técnico e traballador en SST. Toda esta oferta formativa terá que adaptarse ás novas circunstancias por mor da pandemia.

ACTUACIÓNS

A. Xornadas técnicas:

- Son accións de información e formación que teñen acadado un nivel de calidade técnica e científica que compre manter e impulsar. O seu obxectivo é dar resposta ás novidades técnicas e normativas, aos avances e innovación nos procedementos de traballo e maquinaria, sectores produtivos e riscos específicos e transmitir a actualidade ao tecido técnico e empresarial galego.

A previsión mínima do número de xornadas do ISSGA será de 20 e adaptándose á modalidade en liña.

- Organización de xornadas en colaboración técnica con outras entidades.
- Participación do persoal técnico do Instituto en xornadas técnicas organizadas por outras entidades.

B. Cursos que habilitan para o desempeño das funcións de nivel básico de PRL:

- Modalidade presencial e en liña. Priorízase o acceso aos cursos en liña aos delegados/as de prevención e persoal traballador designados e empresariado que asume persoalmente a prevención na súa empresa. Ofértase un curso específico para o emprego autónomo.

Os cursos básicos de PRL realizaranse na modalidade en liña.

Tense en conta para o alumnado con discapacidade auditiva a posibilidade de contar con intérpretes de lingua de signos española.

C. Formación específica eminentemente práctica en PRL:

Sempre que sexa posible pola situación da pandemia, serán destinatarios desta formación aquelas actividades ou sectores con especial incidencia na sinistralidade, e/ou na escasa estrutura preventiva, multiplicidade de riscos, tanto tradicionais como emerxentes, ou ben por colectivos que precisen dunha especial tutela por parte do ISSGA para acadar melloras das súas condicións de traballo e integración das técnicas preventivas. En todo caso, esta formación dirixese principalmente a pemes, micropemes e persoal por conta propia. Especial relevancia adquirirán sectores con peso en Galicia como son actividades no sector forestal e na silvicultura, pesca e actividades afíns, asemade priorizaranse sectores altamente feminizados e sectores considerados pola normativa de PRL como de alto risco.

D. En colaboración:

- Organización conxunta de foros técnicos especializados en SST e actividades informativas.

- Participación do persoal técnico do Instituto en accións formativas organizadas por outras administracións, entidades, etc.

6.1.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 a); obxectivo 1, liña 1.3, medida 1.3 f); obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 h); obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 i); obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 b); e obxectivo 3, liña 3.4, medida 3.4 b)

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 6, liña 6.2, medidas 6.2 b), 6.2 c) e 6.2 c), obxectivo 2, liña 2.1, medidas 2.1 b), 2.1 c) e 2.1 h); e obxectivo 6, liña 6.2, medida 6.2 b)

6.2. PUBLICACIÓNS E ALERTAS ISSGA

DESCRICIÓN

Elaborar, publicar e divulgar novas publicacións e documentos técnicos elaborados polo Instituto, e difundir as publicacións e documentos elaborados en anos anteriores. Entre estas publicacións e documentos se distinguen follas de prevención, trípticos, carteis, manuais formativos, fichas, guías de boas prácticas, audiovisuais, etc.

Utilización das TICs para alertar e poñer en valor determinados riscos ou situacións.

ACTUACIÓNS

- A.** Elaboración, publicación e difusión de novas publicacións e documentos técnicos en materia de PRL.
- B.** Elaboración e publicación de dúas guías técnicas sobre o uso de drones aplicado á PRL e sobre a seguridade e saúde laboral no manexo de drones.
- C.** Revisión e actualización de publicacións realizadas en anos anteriores.
- D.** Elaboración e difusión das publicacións derivadas da actividade do Observatorio Galego de Condicións de Traballo.
- E.** Facilitar a difusión da información e dos contidos técnicos de prevención a persoal non especializado e aos colectivos máis vulnerables.
- F.** Incorporar a gamificación na formación e información en PRL.
- G.** Actualización permanente dos contidos da páxina web do Instituto incorporando información institucional, novas de actualidade, avisos, información sobre a actividade do Instituto, publicando os documentos técnicos e de divulgación elaborados polo Instituto, así como a nova normativa existente na materia
- H.** Mantemento actualizado dos contidos dos perfís que o Instituto ten creados nas redes sociais.
Na actualidade o Instituto conta con perfís nas seguintes redes sociais:

Rede social	Identificación	Ligazón
Twitter	@ISSGA_xunta	https://twitter.com/issga_xunta?lang=es
Facebook	ISSGA – Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia	https://es-la.facebook.com/issgaxunta/
YouTube	Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)	https://www.youtube.com/channel/UCzKpS-PaxP96-x7axvxZFTYQ

- I.** Publicación de alertas na páxina web e nas redes sociais do Instituto (traballos en altura, cubertas fráxiles, traballo con calor, alertas climatolóxicas, presenza da avespa velutina, etc.) Incluír na web e nas redes sociais do ISSGA as alertas sobre o uso de produtos, máquinas ou equipos de traballo das que se teña coñecemento.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 4, liña 4.3, medida 4.3 b); obxectivo 6, liña 6.4, medida 6.2 f), e obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 e)

6.3. ESCOLA GALEGA DE PREVENCIÓN

DESCRICIÓN

- No 2021 a actividade desta ficha que sexa posible realizarse na modalidade que permita o escenario da pandemia.
- A Escola Galega de Prevención do ISSGA ten como obxectivo que os nenos e as nenas integren o concepto de prevención, de xeito transversal e fronte aos riscos que lles son propios, dende os primeiros anos da súa formación e ata a súa incorporación ao mercado laboral, introducindo a cultura preventiva dun xeito didáctico, ameno e adecuado á súa idade.

A Escola adecúase aos riscos que se identifican máis prominentes nas primeiras etapas escolares. Así, visualízanse riscos no fogar, na rúa e na escola, fomentando que o alumnado adquira conciencia da seguridade nas actividades que desenvolve a diario, e tamén co fin de que actúe como motor de cambio nas actividades que realizan os seus proxenitores e na súa contorna.

- Por outra banda, no centro ISSGA da Coruña dispónse dun espazo denominado Escola para visitas nas que explicar a PRL dende as diferentes modalidades preventivas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía no traballo, e medicina do traballo.

ACTUACIÓNS

- A.** Escola Galega de Prevención no centro do ISSGA en Pontevedra: programación de visitas cos centros educativos.
- B.** Escola Galega de Prevención no centro do ISSGA en Coruña: programación de visitas cos centros educativos.
- C.** Visitas do persoal do ISSGA aos centros educativos.
- D.** Elaboración de material para actividades contra o acoso escolar, o fomento da igualdade de xénero, boas prácticas ergonómicas (pesos na mochila, posturas na mesa de estudo, uso de pantallas), o fomento de xogos seguros durante o recreo, hábitos de vida saudables e práctica do deporte.
- E.** Concurso de ideas entre a poboación escolar para o fomento da prevención e os hábitos saudables.
- F.** Continuación do ISSGA co programa Moitavista na Escola, no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros do ISSGA da Coruña e Pontevedra.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlense principalmente co obxectivo 6, liña 6.1, medida 6.1 a)

6.4. AULA DE PREVENCIÓN DE RISCO ELÉCTRICO

DESCRIPCIÓN

No 2021 a actividade desta ficha que sexa posible realizarse na modalidade que permita o escenario da pandemia.

A Aula de Prevención de Risco Eléctrico ten por obxecto fundamental mellorar a formación e habilidades prácticas sobre risco eléctrico. Creouse para poñer a disposición de empresarios e traballadores, que realizan ou poden realizar actividades con risco eléctrico e que apostan decididamente pola formación práctica como ferramenta para reducir os accidentes laborais neste ámbito. A aula tamén está a disposición dos centros educativos que impartan ciclos formativos da familia profesional de electricidade e electrónica.

A dotación de equipos e medios auxiliares da aula permiten a realización práctica dos traballos máis habituais relacionados co risco eléctrico. A configuración da Aula simula a arquitectura dunha rede eléctrica de media tensión e a súa posterior transformación e distribución en baixa tensión.

O coñecemento e a aplicación correcta e sistematizada dos métodos de traballo en instalacións eléctricas é a principal vía para garantir que os traballos se realizan en óptimas condicións de seguridade.

ACTUACIÓNS

- A.** Dar a coñecer a aula de prevención de risco eléctrico, difundindo os diversos traballos que se poden practicar na aula e a dotación de equipos e medios auxiliares.
- B.** Contactar cos centros educativos para ofertar as instalacións nas que realizar as prácticas.
- C.** Organizar as actividades e visitas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centro do ISSGA de Pontevedra.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 6, liña 6.1, medida 6.1 a)

6.5. SENSIBILIZACIÓN E APRENDIZAXE NA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRICIÓN

No 2021 a actividade desta ficha que sexa posible realizarase na modalidade que permita o escenario da pandemia.

Dentro do sistema educativo, a formación profesional abrangue o conxunto de accións formativas estreitamente relacionadas coas ocupacións, as profesións e o mercado de traballo.

Cómpre desenvolver actuacións que introduzan ao profesorado e alumnado de formación profesional na aprendizaxe do traballo seguro, consubstancial á aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da respectiva rama profesional. Se un alumno aprende a traballar seguro incorporará este coñecemento no seu futuro profesional, evitando a adquisición de malos hábitos profesionais.

ACTUACIÓNS

- A.** Oferta de obradoiros en materia de SST específicos para a respectiva rama profesional do alumnado de FP, a destacar os máis relevantes para a incorporación de postos de traballo con especial risco e sinistralidade. No 2021 realizaranse cursos de traballos en altura, risco químico, nanomateriais, etc.
- B.** Realizar visitas aos centros de FP de Galicia para fomentar e concienciar ao alumnado sobre a importancia da SST. Visitaranse centros das familias de actividades físicas e deportivas, administración e xestión, agraria, artes gráficas, comercio e mercadotecnia, edificación e obra civil, electricidade e electrónica, enerxía e auga, fabricación mecánica, hostalaría e turismo, imaxe e son, imaxe persoal, industrias alimentarias, informática e comunicacións, instalacións e mantemento; madeira, moble e cortiza; marítimo-pesqueira, química, sanidade, seguridade e medio ambiente, servizos socioculturais e á comunidade; téxtil, confección e pel; e transporte e mantemento de vehículos.
- C.** Levar a cabo accións de concienciación sobre risco químico en salóns de peiteado e outros tratamentos de beleza. Alertar sobre os danos nas actividades de colocación de uñas permanentes e pestanas postizas.
- D.** Difundir, en colaboración co INSST, material didáctico sobre SST relacionado coas ocupacións e as profesións das distintas ramas de formación profesional, destinado ao profesorado e alumnado desta etapa educativa.
- E.** Promover visitas do alumnado e profesorado de formación profesional ao ISSGA, co fin de coñecer o seu funcionamento nas distintas disciplinas preventivas. Concurso de ideas entre os alumnos de FP para o fomento da prevención e os hábitos saudables.
- F.** Aproveitar as novas tecnoloxías co fin de difundir a importancia da PRL, e de dar a coñecer as nosas actividades ás persoas que o poidan considerar de interese e difundir Alertas_ISSGA sobre determinados riscos dos que se teña constancia que poden provocar accidentes de traballo ou enfermidades profesionais.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 6, liña 6.a, medida 6.1 b)

6.6. XERACIÓN DE CONCIENCIA PREVENTIVA. PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

DESCRIPCIÓN

Participar institucionalmente en actividades relacionadas coa seguridade e saúde laboral.

Contribuír á concienciación das persoas traballadoras da importancia da PRL mediante a participación en diferentes actividades, así como a xeración de cultura preventiva na sociedade galega en xeral.

ACTUACIÓNS

A. Participación institucional:

- Participar institucionalmente en congresos, feiras, xornadas e outras actividades relacionadas coa PRL e a seguridade e saúde laboral, tanto de ámbito autonómico como nacional ou internacional, difundindo as actividades e traballos realizados polo Instituto.
- Desenvolvemento de campañas e outras actividades de difusión e sensibilización con motivo do Día Mundial da SST (28 de abril).
- Realizar accións no marco da Semana Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo que se celebra no mes de outubro (semana 43 do calendario).
- Presenza institucional en foros e eventos de SST e colaboración técnica con entidades do sector da PRL ou concordantes, nas actividades que organicen. Sen carácter exhaustivo e por ser de ámbito galego e específicas de SST, menciónanse as colaboracións coa SGPRL, Aprosál, Sogametra e AETGA, así como aquelas outras asociacións profesionais ou interlocutores sociais que precisen da nosa colaboración.

B. Xeración de conciencia preventiva:

- Desenvolver campañas informativas de difusión, sensibilización e concienciación en temas relacionados co ámbito de competencia do Instituto, tanto propias como en colaboración con outras entidades, e tanto para as persoas traballadoras como para a sociedade en xeral.
- Difundir a importancia da promoción da saúde no traballo e as accións neste campo do INSST e da Rede Europea para a Promoción da Saúde no Traballo, promovendo a adhesión de empresas galegas a este proxecto.
- Difundir mensaxes sobre seguridade e saúde laboral nos foros de encontro entre o empresariado.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: formación, divulgación e documentación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 6, liña 6.3, medida 6.3 c); obxectivo 6, liña 6.4, medida 6.4 b); e obxectivo 2, liña 2.1, medida 2.1 b)

6.7. COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES. ROTACIÓN MIR E EIR E PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS MESTRADOS DE PRL

DESCRIPCIÓN

O carácter técnico científico do ISSGA fai que manteña unha constante e continua relación co ámbito universitario, especialmente coas universidades públicas galegas. Destacar a rotación MIR e EIR e prácticas académicas externas dos mestrados de PRL.

ACTUACIÓNS

A. Colaboración coas universidades:

- Participación tanto en xornadas técnicas nas facultades e escolas universitarias como relatorios polo persoal técnico co fin de facilitar información e documentación sobre PRL ao estudiantado e profesorado.
- Visitas do alumnado universitario aos centros territoriais do Instituto co fin de coñecer o seu funcionamento nas distintas especialidades preventivas.
- Proxectos de investigación sobre SST, así como en actuacións tendentes á redución da sinistralidade laboral en Galicia, colaborando no desenvolvemento de actividades académicas, científicas ou doutra índole en materia de PRL.
- Promover a importancia da PRL, que ten carácter transversal, naqueles graos universitarios cuxos profesionais asumen, pola natureza do grao, competencias propias en materia de PRL.

B. Formación práctica de MIR e EIR:

- O ISSGA participa na formación práctica do persoal médico interno residente (MIR) R4 da especialidade en MT do Sergas, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre o ISSGA, a Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en Galicia. Realízanse nas áreas de MT durante dous meses segundo o programa oficial desta especialidade.
- No ISSGA realízanse períodos de estancia nas especialidades de enfermaría do traballo (EIR)

C. Formación práctica de alumnado dos mestrados universitarios en PRL

Participación na formación práctica do alumnado dos mestrados universitarios en PRL das universidades galegas, a través dos convenios de cooperación educativa asinados con estas universidades para a realización de prácticas académicas externas nos centros territoriais do Instituto.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: todas as especialidades.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 6, liña 6.1, medida 6.1 c), liña 6.2, medida 6.2 h)

EIXE 7

MELLORA CONTINUA

Estes procesos constitúen actuacións de carácter interno do Instituto, dirixidas á obtención da máxima eficacia e eficiencia funcional e de resultado para unha adecuada prestación dos servizos, co fin de acadar unha mellora continua no seu funcionamento.

Estas actuacións desenvolven, entre outras, o previsto na medida 1.4 a) da EGSST 2017-2020.

Intégranse neste eixe 4 fichas de actividade:

7.1. Obrigas relacionadas co órgano superior colexiado de goberno do ISSGA.	
Transparencia	88
7.2. Xestión administrativa, económico-orzamentaria e de persoal	89
7.3. Formación interna	90
7.4. Instrucións internas e protocolos de actuación. Sistema integral das actuacións técnicas (Sesal) Identidade corporativa	91

7.1. OBRIGAS RELACIONADAS CO ÓRGANO SUPERIOR COLEXIADO DE GOBERNO DO ISSGA. TRANSPARENCIA

DESCRICIÓN

O ISSGA é un organismo autónomo que conta cun órgano superior colexiado de goberno no que se integran a Administración autonómica e os interlocutores sociais.

É preciso dar cumprimento ao establecido nos estatutos do ISSGA en materia de estrutura orgánica e funcional, persoal e órganos de dirección e xestión.

Asemade, cómpre levar a cabo actuacións para a máxima transparencia do Instituto, de xeito que as persoas e entidades interesadas poidan coñecer de primeira man as actividades que realiza este organismo.

ACTUACIÓNS

- A.** Desenvolver as vogalías que corresponden ao persoal do Instituto e as funcións de secretaría do órgano colexiado de goberno.
- B.** Propoñer á Presidencia a convocatoria das reunións e a súa orde do día.
- C.** Dar conta da execución do plan anual.
- D.** Dar conta da vinculación do plan de actuación anual coa estratexia galega ou outros plans que afecten á seguridade e saúde laboral, como órgano transversal que xestiona e coordina as políticas preventivas da Xunta de Galicia.
- E.** Cumprimento das demais obrigas que pola normativa de aplicación ao Instituto débense acordar, ou de ser o caso, dar conta a este órgano de goberno.
- F.** Executar o necesario para as reunións do Consello Reitor.
- G.** Responder ás demandas que dende a Dirección Xeral da Función Pública se trasladen ao ISSGA pola inclusión de prazas das distintas escalas de seguridade e saúde laboral, na Oferta de Emprego Público 2017 da Xunta de Galicia.
- H.** Colaboración coa Dirección Xeral da Función Pública no proceso de integración do persoal funcionario de carreira do ISSGA nas escalas de seguridade e saúde laboral.
- I.** Dar cumprimento ao establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, dirixidas á información pública en materia de xestión económica, persoal, contratación, convenios de colaboración, procesos de consulta e, en xeral, á información á cidadanía sobre a información institucional, organizativa e de planificación; e de xeito moi especial á execución do plan anual de actividades que se vincula á estratexia de SST, así como a outros marcos de actuación polo carácter que ten o Instituto de órgano transversal na materia.
- J.** Elaborar o informe anual de actividades do ano 2020, e remitila ao Parlamento de Galicia.
- K.** Elaborar e difundir o plan para o ano 2021.
- L.** Elaboración periódica de informes: execución do plan anual; sobre programas específicos; dando resposta a demandas de actuacións técnicas do ISSGA a maiores das planificadas.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlense principalmente co obxectivo 1 e obxectivo 2, liña 2.1 da estratexia.

7.2. XESTIÓN ADMINISTRATIVA, ECONÓMICO- -ORZAMENTARIA E DE PERSOAL

DESCRICIÓN

Para dar soporte ao funcionamento do ISSGA e á execución do Plan anual de actuación precísase unha estrutura que dea resposta a todas as cuestións de xestión económica, orzamentaria, de contratación e de persoal, todo para garantir que os medios humanos e materiais adscritos ao Instituto respondan ao fin que persegue o ISSGA.

ACTUACIÓNS

- A.** Xestión e execución económico-orzamentaria: elaboración do proxecto de orzamentos do Instituto, xestión económica e contratación.
- B.** Xestión de persoal, funcións de habilitación, nómina e pagamentos.
- C.** Xestión dos asuntos de réxime interior, rexistro, documentación administrativa, arquivo e inventario.
- D.** Xestión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Instituto, e cumprimento das obrigas do ISSGA nesta materia.
- E.** Asesoramento e supervisión das materias de administración e persoal desenvolvidas nos centros do ISSGA, así como a asunción das necesidades económicas nos mesmos.
- F.** Coordinación da tramitación administrativa para a publicación dos acordos e convenios de colaboración que subscriba o Instituto, e coordinación da publicación no Diario Oficial de Galicia e demais diarios ou boletíns oficiais das disposicións ou actos ditados polo Instituto.
- G.** Desenvolvemento de todas aquelas funcións propias da Xerencia e da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, segundo figura nos estatutos do Instituto.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 a)

7.3. FORMACIÓN INTERNA DO PERSOAL

DESCRICIÓN

Debido aos numerosos avances no eido da PRL e ao dinamismo da materia, considérase preciso elaborar unha oferta formativa para o persoal do Instituto que inclúa cursos de formación sobre temas relacionados coa seguridade e saúde laboral, co fin de actualizar e afondar os seus coñecementos relacionados coas actividades que desenvolve ou con temas preventivos novos e de actualidade sobre PRL. Parte desta formación intégrase na formación da EGAP.

ACTUACIÓNS

- A.** Analizar as áreas de coñecemento onde cómpre afondar na formación do persoal do Instituto, en colaboración cos centros territoriais e previa consulta das demandas do propio persoal.
- B.** Aprobar a oferta de formación interna do Instituto para o ano 2021.
- C.** Organizar e impartir de cursos de formación interna nas distintas áreas preventivas.
- D.** Formar ao persoal técnico do ISSGA en riscos psicosociais e en formación para o exercicio das funcións do persoal técnico habilitado.
- E.** Formar ao persoal técnico do ISSGA en protección de datos persoais no ámbito do ISSGA.
- F.** Diseñar e editar dunha publicación técnica sobre capacitación en habilidades de elaboración de informes periciais e de ratificación ante os tribunais de xustiza.
- G.** Posibilitar, cando sexa posible e de acordo co sinalado na ficha 4.1, que na formación interna que desenvolve o ISSGA para o seu persoal técnico participe o persoal técnico de PRL das organizacións sindicais e empresarial.
- H.** Administración electrónica da Xunta de Galicia interna e en relación co cidadán.
- I.** Seguimento da formación continua do persoal do Instituto na aplicación informática Sesal.

A proposta concreta de actuacións formativas está en proceso de concreción. En todo caso irán ligadas ás actuacións que se desenvolverán e terán carácter interdisciplinar, así como as recollidas das demandas do persoal técnico.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 a); obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.3 c); e obxectivo 4, liña 4.1, medida 4.1 i)

7.4. INSTRUCCIÓN INTERNAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN. SISTEMA INTEGRAL DAS ACTUACIÓN TÉCNICAS (SESAL) IDENTIDADE CORPORATIVA

DESCRIPCIÓN

Elaborar novas instruccións internas e protocolos de actuación co fin de unificar criterios de actuación para a súa aplicación homoxénea nas accións que realiza o persoal do Instituto, acadando unha mellor eficacia, eficiencia e uniformidade no seu funcionamento; e revisión e actualización dos protocolos existentes, cando sexa preciso, para a adaptación á súa nova estrutura orgánica do Instituto ou para incrementar a mellora continua nas súas actuacións.

Ante a experiencia acumulada e o asentamento da organización e estrutura do Instituto nos últimos anos, deséñase unha aplicación informática que abrangue todos os procesos e procedementos de actuación denominada Sistema de Xestión Integral do ISSGA_Sesal que se iniciou no ano 2017 e que estará suxeita a continuas revisións e adaptacións ao abeiro dos plans anuais de actividades.

ACTUACIÓNS

- A.** Elaboración de novas instruccións internas e protocolos de actuación. En concreto, realizarase unha proposta de introdución de indicadores sobre a perspectiva de xénero na investigación de accidentes de traballo, así como para a súa mellora na investigación de enfermidades profesionais.
- B.** Revisión e actualización dos protocolos existentes, en caso de ser preciso para a súa adaptación á nova estrutura do Instituto, e para incrementar o nivel de calidade dos servizos prestados a través dos mesmos.
- C.** Coidar o bo uso da imaxe corporativa na páxina web, redes sociais, campañas, publicacións e actuacións en colaboración con outras unidades ou entidades.
- D.** Facilitar o obrigado uso do Manual de identidade corporativa por todo o persoal do ISSGA e en todos os documentos internos e externos.
- E.** Elaboración de modelos normalizados, en todos os procedementos e aplicacións que configuran o sistema de xestión do Instituto Sesal. Utilización e continua mellora da aplicación informática web de xestión integral das actuacións técnicas do Instituto_Sesal. Proceso de mellora continua da aplicación Sesal, coa incorporación das melloras que sexan precisas e que se detecten coa súa posta en funcionamento.
- F.** Dar continuidade ás actuacións de mellora da calidade de información do Delt@, e das principais anomalías detectadas nas comunicacións de Cepross e Panotrass.
- G.** Incorporación ao plan de dixitalización da Xunta de Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE E ÁREA TÉCNICA

Xerencia, Subdirección Xeral de Administración e Persoal e Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

VINCULACIÓN COA EGSST 2017-2020

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 1, liña 1.1, medida 1.1 a); obxectivo 1, liña 1.2, medida 1.2 b)



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

Plan de actividades ISSGA · 2021

issga.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA